

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 18

SESION EXTRAORDINARIA DO 30 DE OUTUBRO DE 2007

ASISTENTES

Excmo. Sr. Alcalde	
Abelairas Rodríguez, Isaura	Iglesias Bueno, Marta
Alonso Pérez, Fco. Xabier	Lago Rey, María Jesús
Calviño Rodríguez, Xulio	Larriba Leira, Elvira
Coello Bufill, Antonio	López Atrio, Laura
Comesaña Abalde, Carlos	López Carreira, Xesús
Conde Gil, Jorge	López Font, Carlos
Díaz Vázquez, Raquel	Martiño Gómez, Antonio
Domínguez Olveira, Santiago	Méndez Piñeiro, María
Fidalgo Iglesias, Miguel	Molares Pérez, Lucía Emilia
Figueroa Vila, José Manuel	Porro Martínez, María Corina
García Míguez, María Angeles	Rivas González, Angel
González Sagarra, Javier Pablo	Rodríguez Díaz, Santos
Guerra Fernández, Javier Jorge	Veloso Ríos, Iolanda

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e oito minutos do día trinta de outubro do ano dous mil sete, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Caballero Álvarez, e a asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra (incorpórase ás 9,18 minutos), Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Porro Martínez, Rivas González, Rodríguez Díaz e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Están tamén presentes as membros da Xunta de Goberno Local Sras. Silva Rego e Maure Noia e máis o Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-

los asuntos da orde do día.

ÚNICO (146) ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O ANO 2008. APROBACIÓN PROVISIONAL.

ANTECEDENTES.- Con data 18 de outubro de 2007 a concelleira delegada da área de Economía e Facenda, presenta para a súa aprobación polo Pleno do Concello a documentación relativa ó orzamento do Concello para o ano 2008, así como a correspondente ós seus organismos autónomos.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 23 de outubro de 2007, aprobou o proxecto de orzamento xeral municipal para a anualidade de 2008.

A Comisión Informativa de Xestión Municipal, na súa sesión extraordinaria realizada o día 26 de outubro de 2007, ditamina favorablemente a parte dispositiva do presente acordo.

PLENO EXTRAORDINARIO DOS ORZAMENTOS

A PRESIDENCIA: Iniciamos a sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe ás 9 horas con data 26 de outubro deste ano para realizar un Pleno relacionado con orzamentos. O punto único da orde do día é o “Orzamento municipal para o ano 2008, aprobación provisional.

Iniciamos a sesión do punto único da orde do día coa intervención da Concelleira de Economía e Facenda, Sra. Díaz, para logo intervir os grupos en orde de menor a maior e as quendas eventuais de réplicas e contra-réplicas habituais.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Sr. alcalde, señoras e señores concelleiras e concelleiros, hai un mes, o 24 de setembro, este goberno presentou neste mesmo lugar, diante deste Pleno e diante de toda a cidade o seu programa de goberno en materia fiscal materializado nas ordenanzas fiscais. Dende o primeiro momento quedou clara a ratificación do compromiso deste goberno de traballar por todos os vigueses e viguesas e en especial por aqueles colectivos máis desfavorecidos e así achegou exencións no pagamento de taxas pola recollida de lixo para os cidadáns de renda máis baixa, así como exencións e importantes reducións no pagamento pola prestación de axuda no fogar para as persoas dependentes.

Hoxe, 30 de outubro de 2007, este goberno volta comparecer de novo ante toda a

cidade neste mesmo insigne lugar para presentar os orzamentos para o vindeiro ano 2008. Os orzamentos que presenta un goberno para unha cidade non son unha mera declaración de principios, de intencións ou de vontades para cos seus cidadáns, senón que constitúen unha auténtica carta magna para a cidade onde se reflicten de xeito fidedigno os compromisos e fanse realidade as promesas.

Os orzamentos son a máis clara mostra do concepto de cidade que presenta un goberno, o desexo dun goberno de acadar unha cidade máis humana e habitable, con máis prestacións sociais, con máis atención no eido educativo, coa potenciación das actividades culturais e deportivas ou coa aposta pola vivenda ou a xuventude, só se pode facer realidade a través duns orzamentos integradores territorialmente, culturais, sociais, educativos e deportivos.

Os orzamentos que hoxe traemos a este Pleno dan mostra unha vez máis de que este goberno cumpre coas súas promesas e o prazo no que se presentan dan fe da estabilidade deste goberno e confirman a súa continuidade para os próximos anos.

Os orzamentos que presentamos para o ano 2008 son a mostra máis evidente dese novo modelo de cidade que vai facer realidade este goberno.

Nestes orzamentos faise unha aposta clara por un novo modelo de cidade onde os barrios e parroquias asumen o papel que por dereito lles corresponde concentrando máis do 90% dos investimentos en humanizacións. Investimentos acompañados ademais pola mellora nos servizos sociais, educativos, culturais e deportivos, polo transporte público, polo casco histórico, polo mantemento viario, pola vivenda ou por melloras no ámbito comercial e turístico e todo iso dentro dun marco no que se contempla o maior volume de investimentos da súa historia para a cidade.

O orzamento que presentamos caracterízase polo equilibrio, a integración territorial, a racionalidade, claridade, transparencia e eficacia nos recursos públicos.

O orzamento consolidado para o 2008, é dicir, o que se obtén integrando os dos organismos autónomos, eliminando as dotacións e ingresos comúns, ascende a 235,3 millóns de euros e o orzamento propio da entidade local ascende a 231,2 millóns de euros, o que supón un incremento do 22,68% con respecto ó último orzamento aprobado.

Con tan só unha sinxela ollada ós orzamentos dos organismos autónomos xa se aprecia o importante cambio de rumbo que está experimentando esta cidade dende a toma de posesión deste novo goberno. Salienta o incremento da transferencia da

entidade local á Xerencia Municipal de Urbanismo; de feito, para a entidade local a dotación para o departamento de Xestión Urbanística pasa de 4,1 a 5 millóns de euros o que supón un incremento do 21%. Este incremento está motivado pola necesidade da mellora de funcionamento da oficina de Inspección Técnica de Edificios, pero sobre todo pola posta en marcha da Oficina de Vivenda que se adicará á xestión do 40% do solo destinado a vivendas protexidas na nosa cidade. Farase así realidade o soño de moitos mozos vigueses e viguesas. Vivendas a prezos alcanzables, vivendas para poder mercar sen ter que hipotecar toda a súa vida.

Por outra banda o Instituto Municipal de Deportes tamén experimenta un incremento nos mesmos termos vía transferencia corrente da entidade local xustificada pola entrada en servizo da piscina de Valladares ou a mellora doutros servizos deportivos para os cidadáns de Vigo.

No que se refire ó estado de ingresos da entidade local e de xeito resumido por capítulos, este quedaría como segue: impostos directos 89,7 millóns de euros, impostos indirectos 10,9 millóns de euros, taxas e outros ingresos 30,2 millóns de euros, transferencias correntes 66,7 millóns de euros, ingresos patrimoniais 3,2 millóns de euros; total operacións correntes 200,8 millóns de euros.

En operacións de capital, transferencias de capital 13,1 millóns de euros, activos financeiros 600.000 euros e pasivos financeiros 16,7 millóns de euros; total operacións de capital 30,4 millóns de euros.

De acordo co informe económico-financieiro do orzamento de ingresos para o cálculo destes ingresos previstos utilizáronse as seguintes fontes de información: Os dereitos recoñecidos e liquidados do exercicio 2007 e a recadación de cada un dos conceptos, as previsións de ingresos para o ano 2008 que resultan dos estudos económicos realizados para a modificación de taxas e prezos públicos que figuran nos correspondentes expedientes de ordenación de tributos, ingresos extraordinarios que se obterán por actuacións de Inspección de Tributos e comprobación abreviada dos servizos de xestión, o incremento previsto do Índice de Prezos ó Consumo para o ano 2008, a situación económica actual e as previsións para o ano 2008, as actualizacións que anualmente realiza a Lei de orzamentos do Estado no valor catastral dos inmobles e unha previsión de incremento da actividade económica do 2,7%.

No que se refire á análise dos distintos capítulos salienta que corresponden a operacións correntes un 86,8% de todos os ingresos e a operacións de capital un 13,18%. En canto ós impostos indirectos este capítulo ascende a 89,7 millóns de euros e representa un 38,8% do total do orzamento. neste sentido cabe salienta o imposto sobre inmobles para o ano 2008 que ascenderá a 49,7 millóns de euros representando o 21,5% do total do orzamento. Seguen vehículos de tracción mecánica con 14,5 millóns de euros, imposto sobre actividades económicas con 11,77 millóns de euros, incremento do valor dos terreos de natureza urbana por 8,5 millóns de euros e a cesión do IRPF por 5,2 millóns de euros.

No que se refire a impostos indirectos salienta o imposto sobre construcións, instalacións e obras con 5 millóns de euros, a cesión do IVE con 4,4 millóns de euros e a cesión de Impostos especiais con 1,4 millóns de euros. No que respecta a taxas hai que salienta a taxa de recollida de lixo comercial e vivendas por 14,9 millóns de euros e as taxas por ocupación da vía pública con entrada de vehículos por 1,29 millóns de euros.

En canto a transferencias correntes hai que salienta a participación no Fondo Complementario de Financiamento do Estado que ascende a 54 millóns de euros e representa un 23,35% do total do orzamento e un 26,89% das operacións correntes. Esta partida xunto coas devanditas anteriormente, como cesión de tributos do Estado, veñen substituír a anterior participación nos ingresos do Estado e o incremento respecto do orzamento do 2005 é do 30,83%. Esta partida inclúe tamén a compensación pola perda na recadación do IVE.

En canto a operacións de capital destacan as transferencias de capital sobre todo pola Xunta de Galicia; no que se refire a pasivos financeiros salienta que a contía é de 16,7 millóns de euros e que este sería o préstamo que se contrataría para o ano 2008.

Con respecto a este volume de préstamo que se contraerá para o ano 2008 debe indicarse o seguinte. En setembro de 2008 remata a súa vida o préstamo renegociado con Caixanova no ano 1996 o que supón unha diminución nas amortizacións dos préstamos existentes en 2,4 millóns de euros. Esta diminución da amortización da débeda limita a capacidade de contratación de novo endebedamento en cumprimento da Lei xeral de estabilidade orzamentaria e esta situación é a que xustifica que a operación de préstamo para o ano 2008 se sitúe

en 16,7 millóns de euros. Sen embargo, co obxecto de non perder capacidade investidora, decidiuse que os recursos liberados como consecuencia deste menor de amortización, destes 2,4 millóns de euros, así como o aforro dos intereses correspondentes, 500.000 euros, traspasáronse a investimentos.

Así a distribución do orzamento de gastos segundo o grupo de función é a seguinte: débeda pública 19,3 millóns de euros, servizos de carácter xeral 23,9 millóns de euros, protección civil e seguridade cidadá 20,9 millóns de euros, seguridade, protección e promoción social 21,1 millóns de euros, produción de bens públicos sociais 109,9 millóns de euros, produción de bens públicos económicos 25 millóns de euros, regulación económica xeral 9,1 millóns de euros, regulación económica sectorial 1,4 millóns de euros e transferencias da administración pública 500.000 euros.

No que se refire á distribución dos gastos da entidade local é preciso mencionar tamén que dada a situación de prórroga dos orzamentos dende o ano 2005 foi necesario actualizar gastos como os dos contratos, polo que houbo que dotar neste orzamento de 2008 as actualizacións dos anos 2006 e 2007, actualizacións que non sempre se corresponden co IPC, senón coa función polinómica que rexe no prego de condicións do contrato da concesión e que moitas veces superan ás propias variacións do IPC.

Atendendo á clasificación económica o orzamento de gastos queda distribuído como segue: gastos de persoal 57 millóns de euros, gastos e bens correntes e servizos 90,9 millóns de euros, gastos financeiros 2,7 millóns de euros, transferencias correntes 25,2 millóns de euros; total operacións correntes 175,8 millóns de euros.

En canto a operacións de capital: investimentos reais 20,2 millóns de euros, transferencias de capital 17,7 millóns de euros, activos financeiros 700.000 euros e pasivos financeiros 16,7 millóns de euros; total operacións de capital 55,4 millóns de euros.

Foi unha prioridade para este goberno concederlle un protagonismo especial ós investimentos reais, estes xunto coas transferencias de capital, ascenden a 38,04 millóns de euros, supoñen un incremento do 33,88% en relación co último orzamento aprobado e representa o maior volume de investimentos contemplado nun orzamento no Concello desta cidade xa que representan o 16,4% do orzamento

total, a porcentaxe máis elevada dos últimos anos.

Este dato é a máis clara mostra da aposta deste goberno polas infraestruturas da nosa cidade e así, nos orzamentos para o ano 2008, contéplase un importante programa de humanizacións centrando fundamentalmente nos barrios e parroquias. Dun total de 8 millóns de euros máis de 7,3 van destinados especificamente a humanizar barrios e parroquias. Así existe unha dotación para humanizacións no rural por 600.000 euros; humanizacións na zona Povisa 2.300.000 euros, humanizacións na zona Calvario 1.400.000 euros, na zona de Balaídos 206.000 euros, na avenida de Europa 500.000 euros, en Sanjurjo Badía 1.400.000 euros, no contorno de mercado de Teis 343.000 euros e no barrio de Bouzas 561.000 euros. Estas humanizacións e barrios e parroquias supoñen en total un 92,3% do total de humanizacións do departamento de Vías e Obras.

Estes investimentos son a mostra evidente do cambio de rumbo no goberno da cidade e o novo modelo de cidade que queremos, eliminando as distincións entre cidadáns de primeira e de segunda porque a cidade somos todos.

Pero tampouco esquecemos no apartado de investimentos outras actuacións no rural, como saneamento cunha dotación de máis de 400.000 euros para Cabral e Candeán, a mellora do alumeadado do rural, na Estrada Vella de Madrid ou a mellora na alameda de Beade cunha dotación de 420.000 euros, as melloras no Pavillón de Bouzas con 250.000 euros e nos pavillóns de Coia e Travesas. Tampouco esquecemos os investimentos no Casco Vello cun plan de mobilidade dun millón e medio de euros; ou os nosos mercados con case un millón de euros, ou o turismo con máis de 500.000 euros.

Contemplamos tamén investimentos de tipo social, educativo ou cultural como 300.000 euros para a reforma e acondicionamento dos edificios das UBAs, os 400.000 euros para os nosos colexios e escolas infantís, os 370.000 euros para parques infantís, 500.000 euros para centros cívicos ou a achega por parte do Concello de case 4 millóns de euros para o auditorio.

Xunto con estas actuacións, investimentos necesarios nesta casa, que é a de todos os vigueses e viguesas, como a substitución da cuberta da lonxa de entrada do Concello que por fin deixará de ter goteiras ou o auditorio do Concello do que poderán gozar todos os vigueses e viguesas; o cambio de cuberta do Parque Central de Servizos por ter composición de amianto e presentar un grave risco

laboral; un sistema de extracción de fumes no parque de bombeiros; a construción dunha galería de tiro para que os nosos policía non se teñan que desprazar á Estrada; vehículos de policía ou o comezo dun plan de renovación da flota do parque móbil con vehículos de vinte anos de antigüidade. Estes eran algúns dos investimentos esquecidos que non se podían demorar máis.

O desexo de destinar a meirande parte posible do orzamento a investimentos era un obxectivo irrenunciable para este goberno, pero era igualmente irrenunciable o desexo de incrementar o gasto corrente de tipo social, educativo, cultural ou deportivo, así como a aposta polo transporte público. Por iso se buscou un equilibrio entre o incremento dos investimentos e o incremento do gasto corrente de tipo social, viario, educativo ou cultural, entre outros. Así a dotación ó transporte público incrementábase nun 61,4% con respecto ó último orzamento aprobado; as políticas de acción social nun 27,26%; as dotacións a cultura nun 14,6%; o deporte nun 20,8%; a educación nun 25%.

Neste campo educativo cabe subliñar a dotación de 200.000 euros para facer realidade a prestación do servizo de inglés gratuíto nas aulas dos nosos colexios públicos para estudantes de primaria, así como os 300.000 destinados a bolsas para que os nosos rapaces de secundaria dos centros públicos poidan gozar de estancias en Inglaterra. Pero tamén contempla o programa de prevención de violencia nas aulas ou o do alfabetización.

Tamén se incrementa de xeito notable a dotación para o mantemento viario acadando os 3 millóns de euros e así poñer en marcha as brigadas de distrito para unha mellor eficacia no arranxo das nosas beirarrúas. De feito, a proba máis evidente de que as humanizacións e o mantemento das rúas da nosa cidade son unha prioridade deste goberno está no feito de que o orzamento para o departamento de Vías e Obras incrementouse nun 128% con respecto ó último orzamento aprobado ó pasaren de 6,8 a 15,5 millóns de euros. Pero tamén incrementan a súa participación neste orzamento as dotacións para Parques e Xardíns que pasan de 5,8 a 7,4 millóns de euros, Benestar Social que pasa de 4,3 a 5,6 millóns de euros, Relacións Cidadás, Casco Vello, Limpeza...

Tamén foi unha prioridade para este goberno a seguridade cidadá e por iso no que se refire á oferta de emprego, debemos mencionar os novos postos de policía e bombeiros. De feito a oferta de emprego para o ano 2008 é de 156 prazas das que

cabe subliñar os 25 novos policías.

En resume, o proxecto de orzamento que presentamos para o 2008 caracterízase pola posta en marcha dun novo concepto de cidade onde os cidadáns de barrios e parroquias toman a consideración de cidadáns de primeira cos mesmos dereitos que os cidadáns do centro da nosa cidade. Humanizacións, parques, educación, vivenda, cultura, servizos sociais, igualdade, xuventude, deporte, comercio e turismo son os principais sinais de identidade deste orzamento que hoxe se presenta ó Pleno desta cidade.

Non quería rematar esta intervención sen antes agradecer a todos aqueles que colaboraron con esta Concellería para que estes orzamentos se puideran presentar neste Pleno. Así, expreso o meu agradecemento a todos os técnicos, funcionarios desta Casa que traballaron tardes e fins de semana, máis aló do que era a súa obriga; a todos os meus compañeiros de goberno pola súa rápida resposta ante as miñas peticións, a súa capacidade de diálogo, o bo entendemento e pola súa facilidade para chegaren a un consenso. Pero sobre todo o meu agradecemento a todos os vigueses e viguesas que se achegaron a nós e nos formularon as súas demandas: humanizacións, barrios e parroquias, transporte público, xardíns, vivendas alcanzables, servizos sociais, actividades culturais e deportivas, mercados, turismo, casco vello, educación, participación cidadá. Este orzamento elaborouse pensando neles, na cidade de Vigo, e recolle as demandas que durante anos foron esquecidas nesta cidade. Estes orzamentos constrúen unha nova cidade que avanza cara ó futuro, á igualdade e ó progreso. Estes orzamentos son por e para todos os homes e mulleres da cidade de Vigo. Moitas gracias.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Coido que efectivamente estamos no Pleno máis importante de todos cantos se van realizar ó longo dunha lexislatura, estamos hoxe no Pleno onde estamos a debater un documento de grande transcendencia para a cidade, non en van é o documento político onde as forzas políticas plasman realmente as súas liñas de actuación, o que queren ser e como queren gobernar esta cidade; onde loxicamente a oposición lexitimamente vai indicar as súas críticas, as súas suxestións para tamén amosar un pouco o que son e como queren que se governe esta cidade. Polo tanto penso que neste Pleno paga a pena deterse un pouco, tomalo coa importancia que ten e coa calma necesaria,

fundamentalmente para que os cidadáns, a cidadanía en xeral, entenda perfectamente como se lles quere gobernar e cales son as liñas de actuación que un goberno municipal e en definitiva toda unha Corporación municipal vai levar cara adiante.

As relacións entre a cidadanía e a administración pública xa non se poden circunscribir única e exclusivamente ó momento do voto, iso ten que cambiar, de feito está cambiando. Cando un entende a nova política moderna como servizo á cidadanía, ten que entender que a relación entre os representados e as administracións públicas non se poden circunscribir única e exclusivamente ó momento de botar unha papeleta nunha urna.

Isto hoxe xa non lexitima, na concepción dunha política moderna non dá lexitimación nin sequera a un goberno. Non podemos repetir constantemente que estamos lexitimados para gobernar porque acabamos de ter un ou outro resultado electoral. O que lexitima realmente a un goberno, a toda unha corporación, é explicar e dar resposta en cada momento daquelas responsabilidades que os cidadáns lle asumiron. Polo tanto para nós é fundamental hoxe poder explicar este orzamento para en definitiva dar contas ós cidadáns.

Os cidadáns cando votan nunca se confunden, buscan fundamentalmente a eficacia de xestión, agardan de nós que melloremos e ampliemos os servizos que lles prestamos, que ampliemos a calidade do servizo, que lles ofrezamos unha mellor calidade de vida e ademais sen incrementar altamente nin os impostos, nin as taxas municipais. Iso é o que agardan os cidadáns, en definitiva a eficacia da xestión. Trátase de vertebrar unha nova estratexia política, de encaixar a calidade dos servizos que prestamos nun amplo marco, nun marco ó que hoxe non podemos renunciar, o marco do estado do benestar.

Dende o Bloque Nacionalista Galego, que é corresponsable e que forma parte deste goberno municipal, buscamos e queremos fundamentalmente a través destes orzamentos e deste goberno, ser comprensibles á cidadanía, responder ás necesidades dos cidadáns, seren accesibles e queremos ademais contar coa participación activa.

A nosa achega a este documento político buscou fundamentalmente cinco grandes liñas: simplificar a xestión, entre todos e todas temos que simplificar a nosa xestión para que sexa máis áxil, rápida e efectiva. Buscamos tamén seren transparentes.

Como dicía, a nova relación cos cidadáns require dunha transparencia absoluta e clara e por iso é tan importante este Pleno, seren transparentes na explicación polo miúdo dos números e das nosas políticas.

Busca tamén escoitar ós cidadáns. É fundamental a humildade dos que representamos ós veciños e veciñas de Vigo para os escoitar e achegar tamén nas nosas liñas de actuación a súas suxestións, críticas e, en definitiva, a súa axuda. Buscamos tamén achegar a administración á cidadanía. Unha administración non se pode illar do mundo real nin tampouco dos seus representados e a través duns orzamentos, dun documento político tan importante coma este, podemos e queremos acadar que se achegue esa administración.

En definitiva, queremos tamén a través deste documento político comunicármonos cos cidadáns e para isto é moi importante priorizar, gobernar significa fundamentalmente saber priorizar. Na priorización está precisamente a diferenza entre unha ou outra formación política; somos distintas formacións políticas con distinta ideoloxía, con distintas estratexias, formas de actuar e de ver a realidade pero na priorización e onde realmente temos que marcar a diferenza. Se todos e todas os que estamos aquí tiveramos recursos ilimitados, os recursos que nós quixéramos, estou convencido de que a diferenza entre as nosas políticas sería moi pouca porque cos recursos ilimitados todos e todas tentaríamos loxicamente de contentar ó 100% da cidadanía. Cando os recursos non son ilimitados, cando son os que son e ademais son de todos os vigueses e viguesas, a diferenza dun goberno a outro, dunha formación política a outra márcase sen ningunha dúbida na capacidade de priorizar cales son as demandas e as necesidades que hai que atender.

Que quixemos lograr neste goberno con este documento político? Fundamentalmente igualdade no trato para os usuarios, para a cidadanía, igualdade na distribución dos servizos, os servizos municipais son de todos e todas, deben chegar por igual a todos os recunchos da nosa cidade. En definitiva, quixemos crear benestar social e non riqueza. Hai unha diferenza moi importante á hora de priorizar o que é crear benestar social e non riqueza.

É polo tanto o momento, compañeiros e compañeiras de Corporación, de que con estas premisas lle expliquemos á cidadanía se somos ou non quen de facer realidade o que prometemos, que está nunhas cousas que se chaman programas

electorais. Os programas electorais son o documento co que unha formación política se presenta diante da cidadanía para pedir o seu apoio, en definitiva pedir os seus votos. Cando se pon enriba da mesa un documento político que marca as liñas de actuación haille que explicar á cidadanía cales destas premisas, destas promesas están ou non incluídas nese orzamento. Un programa electoral que loxicamente se fai para unha lexislatura pero que polo menos dende o BNG non queremos agardar a que esta lexislatura remate para lles dicir ós cidadáns que é o que estamos cumprindo e que é o que estamos poñendo enriba da mesa.

Polo tanto vou degrañar máis ou menos polo miúdo as nosas áreas de goberno dentro dun conxunto dun orzamento global. Este orzamento nace do convencemento de dúas forzas políticas nun proxecto de cidade e nun pacto de goberno que eu repetirei sempre que é o verdadeiro notario da realidade. Este orzamento fíxose sen necesidade de calculadora, non se fixo en base a un reparto proporcional de intereses; fíxose por dúas forzas políticas responsables que tiñan e teñen un modelo de cidade e ademais un pacto de goberno que é o contrato que nos ata coa cidadanía.

Pero efectivamente este goberno está formado por dúas forzas políticas distintas que nos presentamos con programas electorais distintos, aínda que eses programas evidentemente confluíron nun pacto de goberno e nun documento de orzamentos como o que hoxe presentamos.

Pero precisamente como somos forzas políticas distintas, como nos presentamos con programas electorais distintos que confluíron, vou tentar explicar o máis brevemente posible onde están as nosas promesas electorais reflectidas neste documento que dentro dun momento imos someter a votación.

Vou empezar a degrañar cales son as nosas prioridades e como están as nosas áreas e, dígoo con toda a sinceridade do mundo, non para criticar a ninguén, a ningunha acción de ningún goberno pasado, coido que cando se fala de orzamentos, de liñas de política de actuación, deberíamos todos e todas ter claro que o que queren os cidadáns é que expliquemos o que queremos facer e como o queremos facer, e o que piden da oposición é que expliquen como o farían eles a base das súas propias liñas de actuación.

Esta e non outra vai ser a miña intención, repito que non de criticar absolutamente a ningún goberno anterior, senón de explicar diante dos cidadáns por que o BNG

xunto co Partido Socialista apoiamos este orzamento e cales son os compromisos que nese documento político se reflicten.

O programa electoral do Bloque Nacionalista Galego titulábase “A cidade da xente”. No preámbulo deste programa dicíamos: “A xestión municipal debe asentarse na idea de facer de Vigo unha cidade da xente na que os recursos se distribúan entre a cidadanía para contribuír ó benestar das persoas. Con todo isto o BNG propón unha reorganización dos departamentos e servizos municipais para que sirvan á atención da cidadanía”.

Diciamos polo tanto que unha das áreas claves, fundamentais para nós dentro do goberno era o benestar social e contemplábase no orzamento. Do último orzamento aprobado no 2005, dos 4.357.000 euros, pásase agora a 5.640.000 euros, máis dun 13% de aumento na globalidade e no total deste orzamento.

Diciamos no programa electoral que queríamos elaborar un plan director de servizos sociais. Xa hai unha partida neste orzamento de 40.000 euros precisamente para levar cara adiante os inicios deste plan director.

Diciamos que queríamos reforzar o persoal de atención á cidadanía e hai máis de 150.000 euros no Capítulo I para reforzar as nosas UBAs que son as unidades máis directas de atención ó cidadán en materia de servizos sociais. Diciamos na campaña electoral e está aquí no programa que queríamos ampliar a rede municipal das UBAs; pois no Capítulo VI, fronte os 36.000 do ano 2005, aparecen 300.000 euros no capítulo de Investimentos para dar solución e demanda á ampliación de dúas novas UBAs na nosa cidade.

Diciamos tamén que queríamos apoiar e fomentar o asociacionismo para axudar e impulsar aquelas entidades que teñen que colaborar co Concello en materia de axuda, de servizos sociais. Pois ben, neste orzamento hai un 50% máis no capítulo subvencións que no do 2005.

Tamén dicíamos como medida no programa electoral que tiñamos que ampliar o servizo de Axuda no Fogar porque hai unha lista de espera importante para aquela xente que precisa seren atendida. Pois ben, de 1.200.000 que se plasmaban no ano 2005, aparecen no orzamento agora 1.475.000 euros.

Diciamos no programa electoral que queríamos crear en toda a legislatura seis centros de día, instalacións absolutamente necesarias para atender ós nosos maiores e ós nosos dependentes. Pois ben, no orzamento e no compromiso con

Vicepresidencia aparecen xa tres novos centros de día para iniciar neste ano que vai entrar.

Diciamos tamén no programa electoral que precisabamos crear un centro especializado en enfermos de Alzheimer. Isto vai ser realidade xa dentro duns meses.

Falabamos tamén no programa electoral de que coidabamos e que tiñamos que impulsar o avellentamento activo nos barrios; pois ben, aparece nos orzamentos unha partida de 160.000 euros.

Falabamos de que queriamos elaborar un plan contra a pobreza e sobre a inclusión social; realizar eses primeiros estudos xa hai tamén unha partida nos orzamentos de 20.000 euros.

Diciamos que necesitabamos aumentar a achega para o Plan Municipal de Drogodependencias; pois hai unha partida de 68.000 euros e hai 300.000 euros máis de aumento nos orzamentos de CEDRO que, como ben saben, é a nosa Unidade municipal de atención ó drogodependente.

No mundo da infancia pasamos tamén de 366.000 euros a 480.000 euros.

En definitiva, compañeiros e compañeiras de Corporación, vigueses e viguesas, no noso programa de benestar social estaban establecidas 42 medidas estratéxicas para poñer en marcha en toda a lexislatura. Nestes momentos e neste primeiro orzamento están xa contempladas e presupostadas 15 destas medidas, o que quere dicir que o 35,7% do programa de benestar social neste primeiro ano está cumprido neste orzamento.

Outro dos sinais de identidade, outro dos elementos que para o Bloque Nacionalista Galego eran importantes e así o plasmamos tamén no pacto de goberno, foi a Normalización Lingüística. Coidamos que preservar os nosos sinais de identidade, potenciar o uso do galego, da nosa lingua, é fundamental se dende Vigo, como así cremos os nacionalistas, queremos tamén construír Galicia e facer un país que crea máis en si mesmo. Diciamos no programa electoral que queriamos dotar de maiores recursos a este departamento bastante esquecido; pois de 128.000 euros no 2005 pasamos a 258.000 euros agora, máis do 50% de aumento no orzamento global.

Diciamos nas medidas do programa electoral que queriamos aprobar un plano de normalización lingüística e así subimos un 25% nos cartos destinados ás campañas de promoción do galego e temos xa unha partida de 16.000 euros de estudos e

traballos técnicos cos que se van iniciar este plano de normalización. Queriamos xeneralizar o uso do galego na información para que se chegara ós medios de comunicación e hai unha partida de 16.000 euros e outra en Tenencia de Alcaldía de preto de 30.000 euros precisamente para potenciar isto.

Queriamos elaborar un plano de accións cara a promover o galego en todos os eidos da nosa sociedade e hai xa unha partida de 40.000 euros no orzamento. Das dez medidas estruturais que ampliaban e vertebraban outras en Normalización Lingüística, están xa contempladas neste orzamento seis delas, o que quere dicir que nun primeiro ano, nun primeiro orzamento, estamos cumprindo co 60% do noso programa.

Hai unha terceira liña que para nós é fundamental e clave nun goberno que se quere chamar igualitario coma este e que quere loxicamente velar pola igualdade de oportunidades: a área de Muller e de Igualdade. Diciamos no noso programa electoral que era un dos piares fundamentais para que un goberno sexa quen de facer políticas transversais que poñan ás mulleres e ás súas oportunidades no sitio que lles corresponde e que por desgracia historicamente lles fomos negando.

Pois ben, de 991.000 euros que tiña a Concellería de Muller e Igualdade no 2005, pasamos a 1.214.000 euros. Falabamos no programa electoral de que queriamos avanzar e traballar na eliminación da violencia de xénero; queremos crear un novo plan, o III Plan contra a violencia de xénero e por iso pasamos de 66.000 euros no 2005 para o Plan de Violencia de Xénero, ós 90.000 euros no 2008, case o 50% de aumento. Pero queriamos tamén avanzar cara ó reparto corresponsable das tarefas e cara á conciliación da vida laboral e familiar e por iso e para isto hai unha partida específica de 75.000 euros.

Unha das medidas que apuntabamos no noso programa de Igualdade era a creación dun departamento de Igualdade e a elaboración do IV Plan de Igualdade. Pois ben, dos 24.000 euros no 2005 pasamos a 75.000 euros, aumentamos un 300% os cartos destinados a ese departamento e a ese novo plan de Igualdade. Pero tamén diciamos que era importante para esa conciliación da vida familiar e laboral incrementar o número de escolas infantís municipais na nosa cidade. Nestes momentos está xa o compromiso claro, así reflectido tamén, de tres novas galescolas para a nosa cidade.

Moi importante é potenciar o servizo de Canguros para que tamén

fundamentalmente as mulleres poidan gozar do seu tempo de lecer; pois ben, hai unha partida de 140.000 precisamente para iso. Falabamos tamén da importancia de aumentar como reparto corresponsable os servizos de Atención no Fogar dos que antes xa falei cando me referín ó benestar social.

En definitiva, en Muller e en Igualdade, das 33 medidas estratéxicas que levábamnos no noso programa electoral, están contempladas xa neste orzamento 11 o que fai o cumprimento do 33% no primeiro ano.

Poderíamos poñer moitos máis casos pero vou ir resumindo para non me alongar demasiado aínda que, repito, creo que o día de hoxe ben merece que expliquemos as cousas de vagar.

En Deportes, fundamental tamén para os nacionalistas e para este goberno pola consecución dese deporte para todos, dese desenvolvemento persoal, do importante que é a prevención deportiva; pois ben, dicíamos, di o noso concelleiro todos os días e aparece claramente reflectido no programa electoral do Bloque “Deporte para todos”, “Deporte para todas as idades”, “O coidado do deporte de base”. Sinxelamente no capítulo de subvencións ós clubs de base da nosa cidade pásase de 670.000 euros no 2005, a 990.000 euros no 2007. No mantemento de instalacións deportivas pasamos de 166.000 euros no 2005, a 242.000 no 2007. Pero dentro das medidas que presentabamos á sociedade no noso programa aparece a consecución da Universiada para Vigo; nestes momentos xa hai orzamentos para acabar de redactar ese proxecto e, como todos e todas sabemos, Vigo xa é candidata oficial do Estado español a abeirar a Universiada, que esperamos que co esforzo e a axuda de todos e todas, non só do goberno, se poida acadar.

A participación da muller no eido deportivo ten tamén o seu reflexo neste orzamento, o apoio para o deporte escolar. En definitiva, de 26 medidas estratéxicas en materia deportiva están xa contempladas no orzamento 10, o que fai un 38,4% de cumprimento.

Caso parecido acontece co patrimonio histórico, con xuventude ou cultura. En Patrimonio Histórico, importante tamén para preservar todo o que somos como historia da cidade de Vigo, pasamos dun orzamento no 2005 de 1.215.000 euros a 2.887.000 euros. Das 13 medidas incorporadas no programa electoral teñen reflexo 6 delas, é dicir, practicamente un 50%.

En Cultura falabamos da creación de referencia dun patrimonio inmaterial, da fototeca municipal, dunha nova configuración da rede museística da nosa cidade. Todo isto ten as súas partidas correspondentes no noso orzamento. Falabamos dunha grande programación de teatro, dunha programación musical, dunha programación artística en xeral de todo o Concello e como ben dicía a concelleira de Economía, temos esta vez 550.000 euros para a reforma do auditorio que vai configurar realmente que unha nova programación propia e municipal se poida levar adiante.

Pero apostábamos tamén no programa electoral polo Plan de animación á lectura, pola rede de bibliotecas nos barrios, polas salas de estudo e hai orzamento para isto; hai 145.000 euros para dúas bibliotecas este ano máis dúas ou tres salas de estudo. Tamén apostabamos pola realización da axenda cultural que tamén vai ter a súa partida nestes orzamentos. En Cultura de 21 medidas que levabamos no programa electoral 8 delas están xa postas en marcha o que fai un grao de cumprimento do 38%.

En Turismo e Comercio aumenta considerablemente o investimento, aumenta porque tamén dicíamos que era moi importante a promoción da nosa cidade e porque para que os vigueses e viguesas teñan máis calidade de vida tamén é necesario que se sintan corresponsables e orgullosos da súa cidade. Triplicamos con relación ó 2005 as axudas para a excelencia turística dos nosos establecementos hostaleiros e de restauración. En Comercio auméntase o 100% o orzamento que pasa de 715.000 euros a 1.511.000 euros con respecto ó 2005 con investimentos nos mercados, na reforma da cuberta da Pedra, en distintas dinamizacións de rúas comerciais, etc.

Por último me quero referir tamén a Xuventude e ó Casco Vello. Xuventude crece máis de medio millón de euros con respecto ó 2005 e por primeira vez no orzamento de Xuventude se contempla un Capítulo VI importante, con 300.000 euros, que vai supoñer que os nosos mozos e mozas teñan máis locais de ensaio, máis salas de estudo e máis puntos de información.

No Casco Vello vai ser a cifra máis importante de investimento directo dos últimos anos con máis de tres millóns de euros que se van investir no Casco Vello, repito que de investimento directo do propio Concello. Se a isto lle engadimos a colaboración co Consorcio e coa Consellería de Vivenda, estamos diante da

antesala da transformación definitiva do Casco Vello.

Non quero rematar sen dicir que todo e aquilo que estou dicindo se pode ver e comparar. Animo a toda a cidadanía a que colla o programa electoral do Bloque Nacionalista Galego, que colla o pacto de goberno, o documento dos orzamentos e comprobe que o que estamos dicindo, ese grao de cumprimento é tal cal.

Aquí está polo tanto, compañeiros e compañeiras de Corporación, a nosa explicación. Neste primeiro orzamento podemos dicir que nos sentimos moi satisfeitos de formar parte deste goberno, de que a este pacto de goberno que asinamos hai catro meses se lle dea absoluto cumprimento a través destes orzamentos e, en definitiva, dicía ó principio que ó que aspirabamos e ó que temos que seguir aspirando é a seren comprensibles, a responder ás necesidades da cidadanía, a seren accesibles e sobre todo a utilizar sempre a humildade para acadar a participación activa de toda a cidadanía.

SR. FIGUEROA VILA: Logo de escoitar estas intervencións, tanto do Grupo do Partido Socialista como do do BNG, primeiro gustaríanos facer constar unha cuestión formal en canto ó pouco tempo e á falla de información que tivo este grupo para, como dicía o primeiro tenente de alcalde, o documento político máis importante do ano para unha Corporación. Parécenos que un documento como é o da aprobación duns orzamentos non se pode entregar un mércores á unha e media da tarde para que un martes se poida aprobar, sobre todo cando hai polo medio unha comisión informativa. Pensamos que estas non son as formas dun goberno que se di de progreso pola falla de información, polo escurantismo e polo pouco estilo coa oposición, co grupo maioritario deste Pleno, gústelles ou non, para tratar un documento tan importante como é o da aprobación dos orzamentos. Vou relatar as datas tal e como sucederon.

O sábado día 20, nun medio de comunicación da cidade aparece o orzamento. Parécenos normal, non entramos nesas cuestións, a política informativa de cada grupo decídea cada grupo, gustaríanos que como grupo maioritario fósemos os primeiros que tivéssemos un avance do orzamento, pero en calquera caso non temos nada que dicir, é unha cuestión de cada un dos grupos e a nosa política informativa decidímolos nós.

O luns dinos, hai rumores de que haberá unha convocatoria para realizar o martes

unha Xunta de Goberno para aprobar os orzamentos. A última hora da mañá chega a convocatoria da Xunta de Goberno e como é habitual ou como era habitual nos últimos quince anos nesta Corporación, o Grupo do Partido Popular baixa ó despacho onde están os expedientes para fotocopiar e estudar o expediente porque como comprenderán vostedes dun orzamento non se poden tomar notas, haio que fotocopiar. Pois se nos prohibe por parte do secretario xeral, supoño que tería a orde correspondente e dinos que non se pode fotocopiar o expediente e que o hai que pedir por escrito.

Inmediatamente solicitamos a documentación por escrito e se nos remite o mércores ás 13,02 horas unha documentación básica, non toda a documentación que temos que ampliar cunha convocatoria que, ó seren eu presidente da comisión correspondente, tiña que facer sen coñecer o expediente, miren vostedes o curioso do tema, cousa que non volverei facer. Como non quería atrancar o procedemento do goberno, fixen esa convocatoria o martes para o venres pero sen coñecer o expediente porque non se nos entregou ata o mércores.

Queremos denunciar esa forma de actuar do goberno escurantista, de falla de información. En calquera caso podémoslle dicir á cidadanía que estea tranquila que nós estudamos o expediente, fixemos un esforzo todo o grupo político e imos facer o debate correspondente. En calquera caso dicir que é a primeira vez que sucede isto neste Concello, polo menos mentres nós gobernamos, con ou sen apoio, remitíase a documentación con semanas de antelación, mesmo algunha vez cun mes de antelación para debater e mesmo para pedir a opinión dos grupos da oposición. Aquí non se contou coa oposición, iso xa nolo esperabamos pero o máis grave de todo son as cuestión formais.

Levamos catro meses de mandato e cremos que se perdeu un tempo precioso para que os dous grupos que nestes momentos sustentan o goberno da cidade de Vigo, puidesen presentar un proxecto de orzamentos para esta cidade e sobre todo sabendo e tendo coñecemento todos os grupos políticos que o orzamento do ano 2007 era un orzamento prorrogado do ano 2005.

Nós tentamos respectar as opinións de cada un dos grupos pero cando o alcalde o 17 de xuño, nun medio de comunicación di que van elaborar un orzamento municipal para o que resta do ano, nós entendiamos que era o correcto, o coherente e sobre todo coñecendo a situación. Pois este é o primeiro

incumprimento deste goberno e aí está o titular reflectido nos medios de comunicación: “O alcalde di ante a pregunta do xornalista que tentará elaborar un orzamento porque considera que é necesario para a cidade sobre todo cando temos un orzamento prorrogado e hai que acometer certos compromisos”. Pois non se fai e non se elabora este orzamento, polo estamos perdendo catro meses que levamos pero imos perder dous máis porque como vostedes saben ata o 1 de xaneiro non se pode poñer en marcha e o orzamento non entra en vigor.

A seguir xa miramos cal era a estratexia do Partido Socialista; era non elaborar un orzamento pero tentar calumniar e difamar a xestión do anterior goberno durante os últimos tres anos. Aquí está a grande mentira destes catro meses que imos demostrar con datos non sacados por nós, porque poderían ser partidistas ou poderíamos utilizalos de xeito sectario. Os datos están reflectidos nos informes que agora mesmo se traen a Pleno e que están elaborados por vostedes, informes dos técnicos, a Memoria que asina o alcalde e demais informes que acompañan este documento.

O informe de Intervención di: “Menor nivel de débeda. Merece especial consideración a redución que se está a producir no Capítulo do estado de gastos, gastos financeiros, nos que están incluídos entre outros os relativos ós custos de endebedamento, baseándose esta redución na diminución paulatina e continuada dos niveis de débeda. As previsións en canto ós custos financeiros baséanse para aqueles contratos que teñen só un tipo que está previsto e nos máis dos casos o 4,5% máis ou diferencial se fose o seu caso... A débeda viva a 31 de decembro de 2007 é de 47.359.714 euros”.

Cando chegou ó goberno da cidade de Vigo ó poder no ano 2003 había unha débeda de 108 millóns de euros. Resten, 108 millóns de euros menos 47 millóns. Esa foi a redución que fixo o goberno do Partido Popular da débeda do Concello de Vigo.

A porcentaxe que estamos a día de hoxe, que tamén o di o informe, é: “O índice de endebedamento tendo en conta a liquidación do ano 2006 sería do 23,52% e se computásemos a operación proxectada para o ano 2008 -que xa é do goberno que vostedes dirixen- este sería do 31,82%”. Cando chegamos ó goberno a porcentaxe estaba no 66% e deixámola no 23,52%. Voulles facer unha afirmación: é o endebedamento máis baixo que hai nun concello do territorio nacional de España.

Non hai ningún Concello cun endebedamento máis baixo e se o coñecen presenten o documento diante deste Pleno, da información que recabamos nós de todos os concellos similares, con máis poboación e mesmo algúns con menos, sacamos a conclusión de que non hai ningún concello que teña a débeda no 22,52% da porcentaxe total e polo tanto supoño que esta será unha cuestión importante. Tamén di o informe da Intervención: “En consecuencia co anterior o aforro neto é de 23,526 millóns de euros”.

Coido que xa vai sendo hora de que alguén rectifique ou polo menos que non se lle minta á poboación porque estes datos os dan vostedes nos correspondentes informes pero eu podo dar máis datos con respecto á situación económica. O propio alcalde na Memoria que asina di: “En canto ás dotacións destinadas a sufragar a débeda, esta diminúe nun 12% estando xustificada pola baixada do nivel de endebedamento pechado ó ano 2007 cunha débeda concertada pendente de amortizar de 43,7 millóns de euros”. Remata dicindo: “Termina a súa vida o 30 de setembro un crédito de Caixanova do ano 2006 polo que non é necesario dotar o último trimestre do Exercicio producíndose unha liberación de gasto ordinario vinculado á amortización da débeda”.

Pero hai máis datos que confirman e ratifican esta situación. Se vostedes van ás partidas do orzamento, en gastos financeiros hai un informe que di que baixan o 44,84%, é dicir, pagabamos 4.884.000 euros e agora pagamos 2.681.000 euros de gastos financeiros, loxicamente gastos financeiros que se reducen durante estes tres anos e medio nunha contía importante porque hai menos débeda e porque se ía rebaixando. Pero vostedes mesmos na propia partida de ingresos falan de intereses de depósito e pasan de 600.000 euros que había no último orzamento a 1.500.000 euros. Isto quere dicir que hai liquidez, hai cartos e por iso están pagando os intereses; isto é moi fácil de explicar: menos débeda, menos gastos financeiros, máis cartos en caixa, máis intereses que aportan a esas contas; moi sinxelo. Este é outro dato a maiores, pero hai máis.

O señor Alcalde o 16 de xullo asinou un acta de arqueo. Xamais sacamos este documento, tiñámolo gardado. O Alcalde asina que hai na caixa do Concello o día que el toma posesión 71.564.132 euros, aquí esta a sinatura de don Abel Caballero, de dona Corina Porro, do interventor e do tesoureiro. Quen mentía? Tiña 71 millóns de euros en caixa.

Poderíamos ir cara outros indicadores pero non é cuestión tampouco de aburrir con máis datos. Xa temos o coeficiente de endebedamento que pasou do 66 ó 22,32, do remanente de Tesourería, da débeda final do exercicio que empezamos con 108 millóns e rematamos con 47, pero aínda hai outra mentira maior é máis grave porque vostedes estiveron calumniando durante dous meses sobre a situación económica. Pero cando vostedes, dentro da súa estratexia de escurantismo, lémbrense ben que presentaron no Pleno do 30 de xuño fóra da orde do día, a primeira vez na historia deste Concello que non se lle presenta o expediente á oposición polo menos no propio Pleno, senón que fóra da orde do día, métennos de *rondón* 14 millóns de euros dunha modificación de crédito. Lémbrense vostedes que este grupo como non tiña coñecemento ergueuse. Pois agora recuperamos ese expediente co que tamén levamos unhas semanas, lemos o informe do interventor e di: "O remanente líquido para gastos xerais que se deriva do orzamento do ano 2006 cuantificouse en 47 millóns de euros dos que se utilizaron para financiar a modificación de orzamentos núm. 3827, incorporación de remanente de crédito, 23 millóns, e no expediente 66/2007, dotación de créditos extraordinarios aprobados polo Pleno da Corporación en sesión do 20 de abril de 2007, 5.551.000 euros. De onde resulta que o saldo actual de remanente líquido para gastos xerais ascendería a 19.341.000 de euros, suficiente para financiar a modificación que se presenta o que se informa que ascendería a 9 millóns e pico.

Daquela o propio interventor, nunha situación puntual, di que naquela data hai 20 millóns de euros pero non cero euros ou as arcas baleiras como dixeron e como está recollido neste propio documento. Polo tanto outro argumento moi claro de que había cartos en caixa porque había remanente líquido para gastos e a maiores veremos cando rematemos a liquidación do ano 2007 canto hai de remanentes de Tesourería, menos o que gastaron vostedes, máis as partidas de produtividade que ampliaron e que viñeron ó Pleno de onte, etc. Polo tanto estiveron mentindo a conciencia, sabendo o que facían.

Pero hai máis cuestións que avalan a situación económica que nós deixamos. Era un informe do tesoureiro no que se falaba da situación do ano 2007, fala do saldo medio a finais do ano 2003 que era de 12 millóns de euros, saldo medio do ano 2004 era de 27, do 2005 que eran 38 millóns de euros e ó final do ano 2006 de 44 millóns de euros. Pero tamén fala dun tema importante: pagamentos a provedores.

E para que miren como era a situación económica deste Concello leo: “A primeira consecuencia fundamental é a non existencia de ningunha demora nos pagamentos a provedores como consecuencia de falla de liquidez, producíndose o pagamento en todos os casos nun prazo duns quince días dende que se expiden as ordes de pagamento contra a Tesourería. Por termo medio pódese afirmar que o período medio de pagamento a provedores, isto é, o prazo que transcorre dende que un provedor presenta unha factura ata que se produce o seu cobramento, ronda dos 45 a 60 días dependendo da tramitación administrativa previa necesaria, o que supón o cumprimento do prazo previsto no art. 94.4 do Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas. Esta situación respecto do prazo de 60 días sen necesidade de endebedamento a curto, pode cualificarse de óptima dende o punto de vista financeiro”.

Podería seguir lendo saldos e outras cuestións pero a conclusión está moi clara, a porcentaxe de endebedamento deste Concello é do 23,32% único, non hai ningún Concello en España que teña este endebedamento e senón eu pediríalle que nolo remitan porque nós pedimos esta información. A débeda do Concello rebaixouse de 108 a 47 millóns de euros e aí están todos os indicadores da xestión económica.

Polo tanto esta é a grande mentira destes catro meses no terreo económico e ademais vostedes o confirman agora elaborando un orzamento. Como poden vostedes elaborar un orzamento con estas características se a situación económica fose tan mala, se as arcas estivesen baleiras, se o Concello estivera tan endebedado, se non houbose posibilidade de acudir ó gasto corrente, etc.? Supoño que vostede non poderían elaborar estes orzamentos.

Agora imos entrar na explicación destes orzamentos. En todo este tempo, durante os tres anos e medios que nós gobernamos e vostedes criticaron, resulta que agora o están reflectindo nestes orzamentos e se quere algún que lea o orzamento do ano 2007 que presentou o Partido Popular.

Sr. Domínguez Olveira, nós presentabamos para Benestar Social unha partida de 5.618.275 euros. Vostedes presentan 5.644.000 euros, 20.000 euros de diferenza. Pero imos ós proxectos e veremos que son os mesmos, como non van ser os mesmos se nós estabamos desenvolvendo un convenio asinado con Vicepresidencia da Xunta de Galicia? Como non van ser os mesmos se queríamos desenvolver ese convenio, mesmo metemos unha cantidade importante para o Consorcio de

Servizos Sociais que foi este un dos poucos concellos que o asinou? Non me estraña que agora diga vostede que cumpren un 37% do proxecto porque xa está cumprido no proxecto de orzamentos do ano 2007, colla as partidas e verao, pasa que non o leron. Cando quixemos traer os orzamentos vostedes votaron en contra destes orzamentos. Vostede non estaba porque daquela era director xeral de Deportes. Agora vostede ven dar explicacións, pero é o mesmo e pode coller partida a partida e verá que están punteadas; é o mesmo orzamento.

Referente ó tema de Persoal que nos preocupa. Vostedes durante todo este tempo votaron en contra da valoración dos postos de traballo, de produtividades, de gratificacións, en contra de transformación ou creación de prazas, etc. Como quero ser rigoroso voules ler o documento que vostedes presentan a este Pleno que di: "Para a elaboración do orzamento do presente ano tendo en conta o número de prazas vacantes existente no cadro de persoal e as novas necesidades de efectivos á hora de configurar a Oferta de Emprego Público, o vindeiro ano o cadro de persoal municipal experimenta un incremento de 40 novas prazas que se consideran absolutamente imprescindibles para o desenvolvemento da actividade municipal. Por isto o cadro de persoal, unha vez amortizada polo Pleno da Corporación o 17 de outubro de 2007 unha praza de músico pasa a ser de 1.413, experimentando as seguintes modificacións: Creación de 5 novos postos de persoal eventual, 3 asesores Alcaldía, un secretario particular Alcaldía e un auxiliar administrativo grupos políticos. Creación de 7 asesores técnicos para a Tenencia de Alcaldía, acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de outubro de 2007. Creación de prazas de 7 asesores técnicos para a Tenencia da Alcaldía, acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de outubro de 2007. Creación das seguintes prazas nas diferentes unidades e servizos municipais que a seguir se relacionan..." e relacionan unha serie de prazas, dise que "atendendo ás necesidades e peticións", 25 prazas de policía, 7 de bombeiro, 1 técnico de administración xeral, etc, podería ler todas. E amortizan 44 prazas? Aquí é onde vostedes fan a trampa. Vou facer unha afirmación que é rotunda segundo o que está nos orzamentos.

Vostede di que crean 25 prazas de policía e que amortizan 32 de policía máis 3 de cabos de Policía Local. Isto é importante que o coñezan os cidadáns porque houbo un concelleiro que estivo durante un par de meses criticando o labor do goberno anterior coa Policía, dicía que el ía facer, que ía incrementar as prazas, que non se

preocuparan que o vindeiro ano habería 25 prazas novas, que en catro anos habería 100 novas prazas, etc. Pois mirens, señoras e señores, este goberno trae hoxe a Pleno 10 prazas menos de policía porque amortiza 35 e crea 25. O Concello de Vigo vai ter no ano 2008 dez prazas menos de policías.

Evidentemente que contará coa xestión que lle deixou o goberno anterior de 25 prazas das que agora se están facendo os exames e probas pero que en calquera caso tardarán porque os aprobados terán que ir ás escolas de Policía 4, 5 ou 6 meses e seguramente que ata mediados do 2008 non se incorporarán. Pero con esta política que fan vostedes de Persoal, con respecto á seguridade cidadá que vostedes dicían que defendían e que por iso ían incrementar as prazas, este goberno non será quen de ter un novo policía como mínimo ata o verán do ano 2009 porque se no orzamento do ano que ven inclúen as prazas, mentres se saca a Oferta de Emprego, fanse os exames e logo van á Escola de Policía nin ó remate do ano 2009. Este é un dato real que non estamos inventando e senón xustifico, aquí está no orzamento: amortízanse 35 prazas e créanse 25 prazas. Esta é a política de Persoal que teñen enriba da mesa.

Pero teñen máis trampas dentro do propio orzamento, supoño que será para o cadrar e ó mellor nin a concelleira de Economía ten culpa disto, ó mellor dende o departamento de Persoal hai unha trampa financeira moi clara. No Fondo Adicional de Valoración de Postos de Trballo hai unha partida de 729.000 euros e a partida que nós tiñamos para ese fondo adicional no ano 2007 era de 2.054.000 euros, é dicir, hai un desfase intencionado e premeditado para cadrar de 1.300.000 euros. Pero se imos a gratificacións hai tamén un déficit de 800.000 euros. Vostedes teñen unha partida de 1.700.000 euros e o que se necesita para cubrir esas gratificacións son 2.500.000 euros.

Polo tanto só no Capítulo I de Persoal teñen vostedes un desfase intencionado, non me cabe ningunha dúbida, seguramente á concelleira de Economía ó mellor non lle deron estes datos, de 2.100.000 euros. Xa veremos esta cuestión, veremos como a mediados de ano haberá unha modificación de crédito para estas cuestións e nós así xa o anunciamos.

Pero o que si nos preocupa é a política de Persoal que fixeron vostedes durante os últimos tres anos. Criticábons as transformacións de prazas e aquí vostedes fan transformación de corenta e pico de prazas deste Concello cando a nós

criticábanos vinte e tantas que faciamos nalgún momento ou a amortización das propias prazas. Mesmo o Partido Socialista tivo a pouca delicadeza de non xustificar nun Pleno o seu voto, erguerse e marchar sen intervir. Polo tanto en tema de Persoal dende logo parécenos pouco presentable que un goberno critique ó anterior porque hai poucos policía e resulta que vostedes amortizan dez prazas. No ano 2008 o corpo da Policía do Concello de Vigo vai ter 10 prazas menos que no ano 2007.

Pero non só isto, vostedes que tamén falan da Oferta de Emprego Público, estamos falando de que vostedes teñen 156 prazas e a última Oferta de Emprego Público que presentou o goberno do Partido Popular foi de 171 prazas, é dicir, 15 prazas máis das que vostedes traen a este Pleno.

Podíamos seguir falando doutras cuestións, por exemplo do Capítulo II. Este capítulo é un referente, unha mostra clara do modelo de cidade que temos agora mesmo en Vigo: dous gobernos totalmente diferenciados e isto maniféstase claramente nos orzamentos. Hai dous gobernos, dúas persoas que queren ser alcalde, hai un alcalde feble que non é quen de liderar esta cidade e polo tanto ten que facer cesións para que se poida ter un goberno cun certo equilibrio. Isto é o que amosan vostedes en capítulos tan importantes como o de publicidade e propaganda que incrementan nun 40%, pero en capítulos aínda moito máis importantes como son os das asistencias técnicas. Vostedes criticaron sempre as asistencias técnicas cando estaban na oposición, pois agora as incrementan aproximadamente nun 67,8% con respecto ó orzamento anterior.

Tamén neste Capítulo II é onde se amosa claramente a manipulación que vostedes quixeron facer duns orzamentos prorrogados, orzamentos cos que hai que actualizar os contratos que vostedes fixeron. Aquí se acaba de dicir hoxe que esta actualización de contratos non é só do IPC, senón que son as fórmulas polinómicas dos pregos de condicións marcadas no seu día e que polo tanto hai que encaixar estas actualizacións. Miren vostedes o encaixe que tivo que facer o goberno do Partido Popular para ser quen de xestionar esta cidade con tres orzamentos prorrogados: 2004, 2006 e 2007, maxinen o que tivemos que facer financeiramente para seren quen de sacar adiante a cidade e non ter problema nin dificultade para levar a cabo a xestión cotiá da cidade.

Vostedes na oposición obstaculizaron, abafaron, tentaron poñer contra as cordas á

alcaldesa e ó goberno anterior. Malia isto fomos quen de sacar esta cidade adiante e xestionala cun único orzamento. Logo, cando entre no capítulo de investimentos falarei tamén deste tema.

Aquí falouse de políticas sociais, deportivas, culturais, de incrementos de organismos autónomos. É normal que o IMD teña que incrementar a súa partida porque o goberno anterior deixoulle xestionada unha piscina que vai inaugurar proximamente e haia que poñer en funcionamento. Claro que iso xera un gasto corrente e hai que facer un contrato de xestión desa piscina, como non vai ser dese xeito. Como non vai ser que a Xerencia de Urbanismo, que vostedes votaron en contra de todos os orzamentos, non incremente o cadro de persoal cando temos que poñer en marcha o máis axiña posible un Plan Xeral para esta cidade? Evidentemente que o hai que preparar e así tamén o anunciamos no seu momento e dixémolo na campaña electoral, que se tivésemos maioría suficiente para gobernar esta cidade crearíamos unha empresa municipal do solo. Iso dixémolo e aí están as hemerotecas para poñer a cada quen no seu sitio.

O Bloque fala de incrementos en orzamentos para temas sociais, culturais, deportivos, etc. Eu pediríalle que fixeran un esforzo e que lesen o orzamento do ano 2007 porque hai partidas que nin as tocaron. Dime Xabier que o 80%, case o 90% das partidas están sen tocar, é o mesmo orzamento, coas mesmas asistencias, fondos de pensión, fondo social, seguro colectivo..., todas as partidas de proxectos están e algunhas que vostedes retiraron e que non están incluídas neste orzamento. Como non imos crer nós no deporte cando incrementamos en máis do 100% a partida dedicada a subvencións durante o mandato do Partido Popular?

Pero no ano 2007 había aínda un incremento a maiores, había para instalacións deportivas, para campos de fútbol que vostedes votaron en contra, etc. En temas sociais para poñer en marcha todo o convenio co centro de día que a vostedes non lles gusta que lles lembremos todos os convenios con Vicepresidencia pero asinouse o 15 de novembro de 2006, por suposto que pola boa relación que había entre a alcaldesa e o vicepresidente de Igualdade da Xunta de Galicia, pero se asinou por ela e aquí están reflectidas todas as políticas sociais que vostedes nos traen hoxe nese programa electoral, dende a construción e mantemento de 4 escolas infantís, 6 centros de día, residencias para persoas maiores, residencias para emerxencia social, centros de Alzheimer, etc.

Todo este proxecto está consignado no orzamento que o PSOE e o BNG votaron en contra o ano 2007 cun único obxectivo político. Dáme a risa agora cando din que non se pode falar en función dun voto, dunha campaña electoral, do que poida dicir a cidade ou os cidadáns nas urnas. Pero se vostedes traballaron en clave electoral pura e dura para tentar castigar, apartar, frustrigar ó Partido Popular e non deixar que tivese uns orzamentos. Pero a quen castigaron foi á cidade, foron vostedes os culpables de que moitos proxectos que agora se poñen en marcha non estivesen xa funcionando por falla de orzamento.

Logo tamén falarei da herdanza que lles deixamos porque tivemos que ter a imaxinación suficiente para contrarrestar esas políticas de atranco permanente que vostedes nos puxeron. Non vale iso de que non se acadaban acordos porque había grupos que non se querían nin sentar a discutir os orzamentos. Se queren podemos falar capítulo a capítulo da diferenza que hai entre o orzamento do ano 2007 e o que vostedes presentan agora, nada. Agás en publicidade, propaganda e gastos non produtivos, case nada nos Capítulos II e IV e senón cando queiran o repasamos. Evidentemente que tiveron que facer algunha modificación puntual porque coido que moitos non leron o orzamento e mandaron fotocopias ou incrementaron o IPC ou deixáronlle a Intervención que fixera as súas propostas.

Por falar de Cultura, este departamento ten un descenso no global do que presentamos nós do 26% porque vostedes están imputando a partida do pazo de congresos. Como fan esa trampa? Pensan que nós non a imos detectar? Claro que están imputando a partida do pazo de congresos cousa que nós non faciamos. En Cultura hai un descenso do 26%, pero iso si, os gastos de publicidade e propaganda se triplican. No museo si que soben as asistencias técnicas pero o orzamento tamén baixa. Publicación, divulgación e demais partidas de libros e compras si que se incrementan.

Educación, tamén están baixando un 9% no orzamento que vostedes presentan. Onde están esas políticas de emprego e dinamización económica que prometía o señor alcalde que se reuniu co conselleiro para o pleno emprego que esta cidade ía ter? Teñen menos cantidade que o que tiñamos nós no orzamento do ano 2005. Como poden ter esa desvergoña de dicir que van poñer en marcha esas políticas de emprego, un goberno de progreso, se teñen menos orzamento que no ano 2005? Podería seguir co Capítulo II pero ó final resumireino con todas as cuestións.

Imos cara un capítulo importante, o capítulo que din que é o máis alto da historia e dino con orgullo. A orzamento total do Capítulo VI do ano 2005 era o 15,5% aproximadamente, vostedes están presentando unha porcentaxe do 16,4%. Nós tiñamos trinta e un millóns e pico de euros, vostedes teñen trinta e sete e pico pero o que fan vostedes é meter o pazo de congresos e meten nove millóns e pico de euros e nós tiñamos cinco millóns. Esa é a diferenza e polo tanto miren os números que son reais. En calquera caso imos dar por boa esa partida. Agás a avenida de Europa e a rúa Esperanto todos os demais proxectos, máis os que nós tiñamos do plan parroquias, estaban metidos no orzamento do ano 2007.

De verdade, non sei que haberá que facer co noso voto, terémolo que analizar porque que un goberno de progreso que ten tanto programa electoral, o goberno do BNG-Partido Socialista que tivo tanto tempo na oposición para destruír, para facer críticas voraces contra o goberno anterior, que só ten enriba da mesa dous proxectos novos no Capítulo VI. Cunha gravidade a maiores que si que teño que explicar porque senón non quedo tranquilo.

Logo tamén falarei do Plan Parroquias porque que se diga que o 90% é para as parroquias de Vigo co que reclama o movemento veciñal eu non sei se lle están tomando o pelo a alguén, dende logo que a nós non nolo van tomar.

Saneamento, un millón e medio de euros. Vou ir cara unha modificación de crédito do ano 2006 que votou en contra o Partido Socialista e que se negou rotundamente a aprobar esta modificación cun argumento básico, fundamental para esta cidade. Nós tiñamos presentada no Pleno unha modificación de crédito por un importe de 22 millóns de euros o 24 de abril, pero o PSOE presentaba unha emenda que dicía que era imprescindible, que estabamos a cometer un erro tremendo, que esta cidade se podía ir a pique porque había uns problemas graves na ETAP do Casal e de saneamento na cidade de Vigo e presentaba unha emenda rachando o Plan Parroquias que vostedes votaron en contra e privaron a esta cidade e ó movemento veciñal do ter. Unha modificación de crédito onde había unha partida de dez millóns de euros para saneamento e a xustificación que se daba era que non se podía votar este Plan Parroquias, Plan que se queren lle podemos ler e nel ía dende a urbanización de Barreiro, alleamentos Zamáns, convenio coa Universidade en Toralla, temas para Zona Franca, musealización de Toralla, UBAs en Teis e Coia, mobiliario urbano en Teis e Coia, primeira fase de Agarimo, remate do auditorio de

Valladares, reforma do museo de Castrelos, nova ponte do Pontillón, acondicionamento de camiños de Castrelos, obras de remodelación de San Cristovo, obras en Portoloureiro, obras de saneamento en Coruxo, remodelación das dunas do Bao, construción dun acceso á Baixada ó Capitán-primeiro tramo, arranxo das rúas Cantabria, San Xoán, Pouleira, Vistas do Mar, palco de música en Navia, obras en Sampaio, Mariña Española, San Xulián e Poboadores, Doutor Fleming, beirarrúas en Vía Norte, en Balaídos...

Isto era ou non un Plan Parroquias? Pois vostedes, o Partido Socialista, o argumento básico e fundamental era que Vigo precisaba urxentemente dez millóns de euros para o saneamento e resulta que estamos falando do ano 2006. Trasladámonos ó ano 2007, un ano e medio logo e aparece só un millón e medio de euros para saneamento para esta cidade. Como pode haber tanto cinismo político, tanta hipocrisía, tanta desvergonza? Nós entenderíamos que se se tivera aprobado esta proposta agora se contemplase unha partida importante para saneamento nos orzamentos do ano 2006.

Esta é a historia desta cidade e son estes os argumentos que están por escrito onde se fala dunha parte do que deixaron de investir: "...Debería ser destinado á adaptación da ETAP do Casal e Valladares... os contidos do RD 104/2003 e normativa concordante..." Por certo, nos gustaría preguntar ó goberno onde está ese proxecto, ese estudo que se encargou da ETAP do Casal e de Valladares. Gustaríanos que nolo pasaran porque estaba rematado e queremos saber cal é a situación. Neste Pleno houbo un debate moi duro que coñecen os medios de comunicación e tamén os compañeiros que estaban aquí sobre o abastecemento da cidade de Vigo. Falábase deste decreto do ano 2003. Vostedes non teñen nin un só euro para se adaptar a este decreto de 2003 en canto ó abastecemento, un dos temas máis importantes que ten esta cidade. Pero tiveron o cinismo no ano 2006 de que compañeiros de seu fixeron esta proposta para boicotear o Plan Parroquias, un Plan de 22 millóns de euros.

Nós tiñamos unha serie de proxectos para esta cidade e dos que presentan vostedes só dous son novos. Imos seguir incidindo para continuar cos modelos de humanización da nosa cidade e con respecto ó discurso de seu de cidadáns de primeira e de segunda, dígolles que vostedes foron os que abortaron as posibilidades, pero malia iso en Vigo investíronse aproximadamente 130 millóns de

euros no rural da nosa cidade que se poden comprobar. O señor alcalde fixo a promesa electoral de investir 100 millóns de euros no rural de Vigo, pois tocarían 25 millóns por ano pero este ano lle dedican aproximadamente 2 millóns porque non hai máis cartos para investimentos no rural da nosa cidade porque o demais é para o centro urbano.

Supoño que non considerarán rural Povisa, ou Sanjurjo Badía, ou O Calvario, ou a avenida de Europa aínda que esta é unha vía interurbana, imos deixar o beneficio da dúbida, pero supoño que a Praza de Portugal non é do rural, nin o mercado de Teis, nin así considerarán a Bouzas. Supoño pero ó mellor igual cambiamos todo e a partir de agora Vigo é todo rural. Gustaríame saber que teñen para outras parroquias, coido que absolutamente nada.

Xa lles anunciamos que imos seguir co proxecto que temos e dicímolo en primeira persoa e en presente. Nós si que temos un modelo perfectamente claro para esta cidade, primeiro defender o Plan Parroquias que vostedes non defenden e por riba atacan ó movemento veciñal. É lamentable que un alcalde poida coartar a liberdade de expresión do movemento veciñal, coido que poucas veces pasou nesta cidade. Que o faga cos empresarios, alá el, pero que o faga co movemento veciñal, se vostedes foron os que denunciaron o tema de barrios e parroquias igual que o movemento veciñal, que viu a este Pleno e presentounos propostas concretas que temos en tres plans parroquias que presentamos e que só fomos quen de sacar un e ademais nolo limitaron.

Nós presentamos o primeiro plan parroquias o 24 de abril do ano 2006 que limitaron, logo presentamos outro o 12 de maio e outro o 13 de abril que foi totalmente rexeitado. O único que puidemos facer foi que as demandas que nos ían formulando os veciños e veciñas, os colectivos, están de testemuñas todos os colectivos desta cidade, as iamos plasmando en documentos e aquí está o seu voto en contra. Pero vostedes non só votaron antes en contra, é que agora tampouco o recollen nos orzamentos do ano 2008 e iso é máis grave aínda. Ademais permítense o luxo de criticar ó movemento veciñal por un traballo que fixeron sen ánimo de lucro para defender á nosa cidade. Pois nós polo menos aínda tivemos a cortesía, a delicadeza e o respecto dos atender na medida das nosas posibilidades. Aquí están as propostas e eles sábeno perfectamente.

Repetimos que nós imos seguir defendendo o modelo de cidade que temos, con

propostas que se foron presentando en campaña electoral. Vostedes falaban de centros socio-comunitarios, de Doutor Fleming, de Finca Solita, de Colexio Alemán e que nalgúns casos non existen as partidas e noutros son ridículas, de 25 ou 30 mil euros o que quere dicir que non van facer absolutamente nada para o ano 2008.

Pero hai outros temas que nos preocupan e que tiñamos presentados. Vostedes presentan unha partida de 206.000 euros, nós tiñamos para humanizacións de Balaídos 2.100.000 euros; para humanización da Vía Norte, para rúas do Areal, para O Calvario, Teis, para o contorno de Povisa, para a humanización do contorno da falda do Castro, para a humanización de María Berdiales, para o contorno da Porta do Sol, para Casablanca... Nós tiñamos e temos un proxecto de cidade. Isto quere dicir que vostedes no Capítulo VI, sen defender ningún investimento importante para os barrios e parroquias da nosa cidade, copiando os proxectos que deixou o Partido Popular no 95% dos casos porque menos dúas rúas o demais estaba recollido, a maiores nese capítulo mesmo lles deixamos unha liquidación de EMAVISA que vexo que non a están utilizando nin para saneamento. Analizaremos pormenorizadamente de aquí á aprobación definitiva esa partida e para que se están dedicando esas partidas.

Polo tanto no Capítulo VI nada novo, un goberno que repite, que fotocopia e se queren lles leo as partidas do ano 2007 que nós tiñamos previstas para investimentos, o Plan Parroquias máis unha cantidade importante de investimentos en humanizacións e en temas importantes da nosa cidade.

Coido que con todos estes datos que lles acabamos de dar, co que vostedes estiveron enganando á cidadanía durante os últimos meses, quédanos un resume moi claro e contundente: no incremento da publicidade e da propaganda son líderes, o señor alcalde está acostumado, aí non hai problema, saben manexar ben iso. Sr. Domínguez, vostede vai avanzando, progresas axeitadamente en canto a gastos non produtivos, asistencia técnicas e demais lideran a clasificación, tamén van avanzando axeitadamente, pero si está claro que non hai novidade, este goberno non está aportando novas propostas, nin iniciativas que se poidan poñer en marcha.

A maiores ata teñen a sorte de ter unha boa herdanza e como comprenderán aquí tamén hai que reflectir algunhas cuestións. Sr. Domínguez, parécenos ben que sigamos todos coa política de poñer en marcha o Casco Vello pero ten que

recoñecer que foi unha magnífica xestión da alcaldesa, a ninguén se lle ocorrera facer un consorcio e que a Xunta, Zona Franca e Concello de Vigo aportasen a ese consorcio 30 millóns de euros, diñeiro que vostede agora segue xestionando e do que nós nos alegamos, sabe e dixémoslle que vai ter toda a colaboración do Grupo popular porque se hai un tema onde non hai que facer política é no do Casco Vello.

Nós tivemos unha xestión de dous anos na que buscamos os mellores profesionais, non próximos a nós e vostede sábeo, eliximos ás persoas máis axeitadas profesionalmente para xestionar o Consorcio do Casco Vello. Non se fixo política do Casco Vello. Nós tiñamos mercados preto de 14.000 m² de vivenda e xamais se fixo unha conferencia de prensa para dicir cales eran as casas que se estaban mercando para logo rehabilitar porque pensabamos que era contraproducente, estabamos traballando co obxectivo de acadar o mellor prezo para poñer no mercado vivendas con algún réxime de protección para rehabilitar o Casco Vello.

Vostede sabe que non fixemos política, que buscamos o consenso de todos os grupos políticos, mesmo nos estatutos se incluíu unha cláusula pola que había que tomar os acordos por unanimidade. Coido que non hai precedentes en ningún consorcio onde se tomen os acordos por unanimidade aínda que algún o quixo rachar ultimamente e non o permitimos porque pensamos que é bo para esta cidade que exista consenso no Casco Vello. Pois esa herdanza lle quedou.

Xa sei que van criticar a herdanza do pazo de congresos pero vai ser inxustificadamente porque os datos están aí, a xestión fíxoa este goberno, non había terreos, tívose que buscar a desafectación dos terreos, fíxose un concurso no que o Partido Socialista estivo en contra, fíxose unha adxudicación á mellor proposta e esa proposta, cun arquitecto de renome elixido polo goberno Socialista no seu día que nós apoiamos posteriormente, fixo unha proposta cunha contía económica que, logo de facer a adxudicación, non antes, volveu repetir un proxecto básico coa mesma cantidade de cartos.

Esperemos e ímoslle esixir ó goberno e ó señor alcalde que faga cumprir esa proposta ó 100%. Non imos permitir baixo ningún concepto ou polo menos aquí vai estar o Partido Popular para o denunciar se se vai escatimar en algo para que sexa o mellor pazo de congresos, que as calidades sexan as axeitadas e que o proxecto sexa o que se presentou a concurso.

Deixámoslles seis aparcadoiros públicos adxudicados que tamén boicoteou o

Partido Socialista, con tres mil novas prazas de aparcadoiros e o 20% en cinco deles para residentes e nun o 50%.

Deixámoslles tres piscinas, a de Valladares rematada, por iso se incrementa o orzamento do Instituto Municipal dos Deportes, e dúas máis en marcha sen custo para o Concello porque nós tivemos que usar a imaxinación para sacar a concurso proxectos por concesión administrativa sen custo para este Concello, a de Navia e a de Barreiro. Deixámoslles unha urbanización de Barreiro que non sei que pasa porque non a seguen, está sen rematar e xa debería estar rematada.

Coido que polo menos vostedes, por coherencia e responsabilidade, deberían ratificar algunhas afirmacións que fixeron nos últimos meses e poñer as cousas no seu sitio porque ó final todas estas cuestións se van poñendo acotío enriba da mesa e os cidadáns se van dando conta de que mentiron na situación económica, de que están copiando un orzamento, de que non hai achegas novas e as poucas que hai as están dirixindo a asistencia técnicas, produtividade e,inda por riba, un tema que si nos preocupa porque non se poden facer discursos de calumnia e difamar a un goberno anterior única e exclusivamente por saír nos medios de comunicación dicindo que a policía é un desastre, que se vai arranxar nos próximos meses e resulta que traen a este Pleno dez prazas menos de policías para esta cidade. Iso di pouco de quen o denuncia e logo de quen toma a decisión e iso xa pasou con moitas outras cousas, co multa-móbil, co carné por puntos, etc., pero supoño que esa non é a cuestión do debate de hoxe.

Dende a oposición facemos unha crítica clara a este orzamento nestes termos pero tamén dicimos claramente que é unha fotocopia do orzamento do partido popular no capítulo de investimentos no que non hai nada novo, só dúas rúas: avenida de Europa e a rúa Esperanto que son as novidades que nos traen vostedes logo de catro meses e dunha crítica de tres anos moi dura.

Neste intre, sendo as once horas e seis minutos, a Presidencia manifesta que se interrompe a sesión durante dez minutos para un breve descanso.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: A verdade é que o que acaba de dicir o Sr. Figueroa non ten desperdicio, acusa ós demais de mentir e mentir. Eu son como son, son incapaz de chamarlle a alguén mentireiro aínda que pense que o é; penso como é vostede pero

son incapaz do dicir. Imos empezar por todas as declaracións que fixo e entón aquí se lle darán de novo voltas ás cousas e polo tanto se verá quen está calumniando e quen mente.

Falouse en primeiro lugar das formas, da falla de información e quero que saiban todos que a documentación deste orzamento estivo completamente e sempre exposta na sala correspondente dende o luns pola mañá. Membros da oposición consultárona e fotocopiárona ese día e se o Sr. Figueroa non puido ou non quixo ver o expediente foi por iso, porque non quixo. Se cadra é porque eu son universitaria e estou acostuada a baixar ás bibliotecas e consultar a información nas bibliotecas e polo tanto a min non me custa baixar a unha sala e ver alí a documentación, pero ó mellor os membros do Partido Popular necesitan que lla acheguen á súa casa.

En calquera caso remitíuselles toda a información e non se remitiu unha fotocopia, remitíuselles por correo electrónico absolutamente toda a documentación e fíxose así para que se lles puidera reenviar a todos e cada un dos concelleiros. Envióuselles o orzamento de gastos da entidade local, o orzamento de ingresos da entidade local, o resume por capítulos de gastos e ingresos, o orzamento consolidado de gastos, orzamento consolidado de ingresos, resume por capítulos do orzamento consolidado de gastos e ingresos, relación de proxectos, bases de execución do orzamento, informe do señor interventor, informe económico de gastos, informe económico de ingresos, memoria ó orzamento do señor alcalde, proposta ó pleno, avance de liquidación e cadro de persoal.

Absolutamente toda a documentación do expediente se lles remitiu por correo electrónico para que tiveran non a fotocopia, senón para que cada un dos concelleiros a puidera consultar. É a vez na que se remite a maior información de todos estes anos porque consultadas as fontes, outros anos o que unicamente se remitía era: orzamento de gastos, orzamento de ingresos, informe de gastos e informe de ingresos. Nós enviamos 15 documentos e o que se enviaba outros anos eran 4 documentos. Polo tanto é a maior demostración de transparencia e información que se lle pode enviar a un goberno. Tiveron as posibilidades de coñecer o expediente, se non o coñeceron foi porque non quixeron.

Por unha parte eu debería alegrarme de certas declaracións que fixo porque quixo desviar a atención do orzamento cara temas formais ou temas do pasado, o que demostra que tampouco tiña moitos argumentos para este orzamento. Pero a

verdade é que hoxe estamos aquí para falar de futuro e non do pasado, pero se así o quere facémolo.

Falou de que aquí se incumpriu porque se dixo que se ía facer un orzamento e non se fixo. Eu lembro unhas declaracións á prensa nas que vostedes ameazaban con que se este goberno non facía un orzamento en 15 días presentaríano vostedes. Onde está o seu orzamento? Eu o que fixen foi un modificación orzamentaria, polo tanto se vostedes non presentaron un orzamento novo logo de facer eu unha modificación orzamentaria, obviamente é porque vostedes mesmos consideran que o que fixemos foi o máis parecido a un orzamento, tanto que vostedes así o consideran e por iso non temos o seu orzamento. Polo tanto cando calumnien e mintan o que teñen que facer primeiro é mirarse ó espello.

Falaban de débedas, de endebedamento, chegouse mesmo a falar de datos de tesourería, de remanentes; eu vou lembrar o que está recollido nas actas daquel día da modificación orzamentaria e vou ler textualmente o que eu dixen: "Ata abril deste ano consumíronse máis de 22 millóns de euros en diferentes modificacións orzamentarias que teñen a sinatura da Sra. Porro. Á parte deixaron as débedas, insuficiencias en contratos e indemnizacións, compromisos sen sinatura e polo tanto o resultado de remanente é cero. É certo que a 31 de decembro había case 50 millóns de remanente, iso é absolutamente certo, pero dende abril non hai 40 millóns de euros de remanente. Son quen de negar que existe un informe de Intervención asinado polo interventor, que di que hai un expediente co número 38 no que se consumiron remanentes por 23 millóns de euros? Son quen de negar que existe outro de 20 de abril de 2007 por cinco millóns e medio de euros? Son quen de negar que detrás destes expedientes figura a sinatura da Sra. Porro? Son quen de negar isto? Son quen de negar que existen débedas en distintas partidas como por exemplo Vías e Obras por máis de tres millóns de euros? Facturas que non se poden pagar neste momento e que temos que afrontar precisamente co remanente que nos deixan? Por iso digo que non hai remanente.

Eu dixen que o remanente está todo consumido ou comprometido, non interpreten o que queren, o remanente está consumido e comprometido porque deixaron débedas sen pagar, deixaron indemnizacións pendentes por máis de cinco millóns de euros. Isto si que é unha auténtica calumnia, unha auténtica falsidade dicir que non é certo o gasto que fixeron e apuntar que a día de hoxe -é dicir, xullo- hai

corenta e sete millóns de euros. Hai dezanove millóns de euros segundo o informe de Intervención pero non queda nada porque hai moitas débedas, moitos compromisos adquiridos por vostedes fóra do orzamento, non hai financiamento e hai que financiar obrigatoriamente con ese remanente. Non poden negar que consumiron máis de vinte e oito millóns de euros en remanentes, nin que hai débedas que en total suman catro millóns de euros... Como resultado, se sumamos todo o remanente dá cero."

Cando se fala da modificación orzamentaria nunha primeira parte recóllense todas as débedas contraídas polo goberno da señora Porro sen dotación orzamentaria. Existen tamén unha serie de contratos con empresas que prestan servizos que non teñen a cobertura orzamentaria suficiente. Coidamos que as necesidades orzamentarias para eses conceptos de contratos con deficiencia superan amplamente os oito millóns de euros pero como non existe realmente dispoñible xa estaba e quedaban dezanove millóns. Existen outros compromisos, convenios asinados co persoal para os que non existes neste momento os créditos orzamentarios suficientes, etc." Polo tanto quedou claro que vostedes nun primeiro momento falaban de que existía remanente e a realidade é que deixaron tantas débedas sen pagar que o remanente é cero.

Quero seguir con este tema do endebedamento e das débedas porque a realidade é que a min me crea unha certa sensación de pesadume o feito de que vostedes falan de débedas e de endebedamento como se fora a mesma cousa. Eu non sei se vostedes fan iso por confundir á xente ou se realmente vostedes non saben cal é a diferenza entre unha débeda e un endebedamento. Non sei que é peor, se tentar confundir á xente porque é menosprezar a intelixencia, ou que vostedes que estiveron tres anos gobernando non saiban o que unha cousa ou que é outra.

Nós falamos sempre de débedas, de facturas sen pagar e polo tanto facturas que están fóra do orzamento, que tiveron que ser pagadas con modificación orzamentaria. Nós non gastamos nove millóns de euros, vostedes si os gastaron que non nós. Ó chegaren o que se fai sempre cos cartos é un arqueo. Nese momento había 70 millóns pero porque había 40 millóns de euros sen executar e aínda había moitas débedas sen pagar. É lóxico polo tanto que como a factura non chegou á caixa non se pagara.

Cando se fala de endebedamento eu quero que quede claro que son os préstamos

que contrae o Concello. Para que un Concello poida contraer un préstamo obrigatoriamente ten que pasar por Pleno e aquí o que pasou foi que a vostedes non se lles autorizou a contratar préstamos, pero vostedes non tiñan en ningún momento intención de reducir o endebedamento porque de feito no 2007 vostedes presentaron un documento que lle chaman orzamento no que se contemplaba un endebedamento por 18,8 millóns de euros. Fixeron tamén un convenio coa Zona Franca que oficialmente non sei como o chamar pero é un endebedamento porque estamos pagándolle todos os anos 1.700.000 euros. Polo tanto non é certo que vostedes quixeran baixar o endebedamento; baixou precisamente gracias á postura que adoptaron o Partido Socialista e o BNG ó non lles dar autorización para contratar un novo préstamo.

Obviamente o endebedamento baixa pero, saben por que? Eu vou empregar o mesmo método que cos mesmos alumnos. Todos nós temos préstamos, quen máis e quen menos ten unha hipoteca ou ten que pagar o coche e obrigatoriamente todos os meses o temos que pagar; pois o mesmo pasa co Concello e obviamente o que queda a final de ano é menos que o que temos ó principio e polo tanto obviamente reduciuse o endebedamento. Non foi por xestión de seu, senón porque baixou.

Fala tamén de que a modificación se tramitou por urxencia. No ano 2006 tramitáronse doce asuntos pola vía de urxencia, polo tanto é unha vía perfectamente viable e admitida. Está recollido nas actas, vostedes tiveron dúas oportunidades de falar da modificación orzamentaria, cando se tramitou pola urxencia e cando se deu conta dela, e non o fixeron pero todo está recollido nas actas.

De novo insistiron na situación económica, na demora nas ordes de pagamento. Si, unha vez que chega a factura pódese pagar en 15 días, pero entón me explican a min por qué eu teño facturas dende o ano 2004 sen pagar e por que están facturas do Areal sen pagar; se se pagou tan rápido como é posible que estean sen pagar, que estea o alumeado do Nadal do ano pasado aínda sen pagar.

Cando se fala de que nos deixaron unha boa situación económica e por iso puidemos facer o ano 2008 están demostrando que non se sabe como se fai un orzamento porque no orzamento os ingresos para un ano son os ingresos previstos para ese ano e polo tanto no orzamento do 2008 entran os ingresos que nós

prevemos recadar para o ano 2008. Non entra nin un só céntimo de euro do que se recadou no 2007 ou no 2006, polo tanto non ten nada que ver o que pasou neses anos. Os orzamentos do 2008 son ingresos do 2008 e polo tanto gastos do 2008.

Aluden constantemente ó orzamento que vostedes presentaron no 2007. O que vostedes presentaron no 2007 foi unha pantomima, non se pode cualificar nin sequera de orzamento e dígolle por que. En primeiro lugar tramitárono en xaneiro e non en outubro que é cando hai que tramitar un orzamento. Pero vostedes mesmos, xa que falan de facturas e de gastos de publicidade e desas cousas, no documento que presentaron no ano 2007 tiñan unha dotación en protocolo de 193.000 euros e en xuño de 2007, cando este goberno chega, o gasto en protocolo en seis meses ascendeu a 323.000 euros. Polo tanto nin vostedes estaban cumprindo co que tiñan nese documento.

Falaban hai un momento dos gastos de publicidade. No seu documento aparecían 400.000 euros e resulta que a xuño xa tiñan gastado 820.000 euros; en seis meses. Pensaban, propoñían, dicíanlle á xente que ían gastar 400.000 nun ano e gastaron 820.000 e conseguiron gastar esa cantidade gracias a que fixeron tres modificacións orzamentarias, unha o 12 de febreiro de 107.000 euros, outra o 19 de febreiro de 150.000 euros e outra o 23 de marzo de 150.000 euros. Polo tanto nin vostedes estaban cumprindo ese documento que lle presentaron á cidadanía como o mellor documento do mundo.

Así se pode falar de moitas partidas como gastos de correo que quero saber eu por que en xuño xa estaba completamente esgotada a partida de gastos de correo.

Indo a cada unha das cuestións nas que alude, por exemplo cando fala dos gastos de Persoal. Nós cumprimos os compromisos aínda que fosen de seu. Asumimos un compromiso feito e facémolo realidade e cando fala de persoal eventual debe saber que nesta Alcaldía o persoal eventual é o que xa estaba e mesmo hai algún posto vacante, polo tanto estamos facendo menos gasto do que se estaba a facer. Todo o gasto de Persoal está consensuado polos sindicatos, mesmo o da Policía e así se pode comprobar nas actas da Mesa de Negociación. Dígolle máis, nada máis chegar este goberno o que fixo foi liberar a 17 policía que estaban custodiando o Areal e sacalos á rúa para que existira máis seguridade cidadá. Unha das cousas contemplada no orzamento é a galería de tiro que vai permitir que os nosos policía non se trasladen á Estrada e polo tanto non perdan un día e non estea un policía

menos nas rúas.

Fala do fondo adicional e de que existe unha trampa. Non existe ningunha trampa, existe unha mellora na xestión. Vostede sabe que é obrigatorio dotar as cantidades de persoal aínda que non se vaian cumprir ata setembro? Iso foi o que fixemos pero, como vostede sabe, iso implica estar con case dous millóns de euros retidos que non recaen na cidadanía e polo tanto optamos por aquela parte que non é obrigatoria dotar, dotala dun xeito inferior e compensala coa parte que é obrigatorio dotar. Non é ningunha trampa, é absolutamente legal, darlle á cidadanía dous millóns de euros que vostedes non lles pensaban dar.

Falou tamén de dous alcaldes. Aquí a única experiencia de dous alcaldes que houbo foi a do seu goberno, un alcalde que figuraba no Areal e outro na sombra na Praza do Rei.

Non insisto nos gastos de publicidade e propaganda, vostede fala de que se incrementaron. Di que o seu goberno estaba abafado pero gastou case dous millóns de euros en total en publicidade e aínda existen facturas sen pagar e grandes cantidades de débedas. Non di que no Capítulo de órganos de goberno van máis de 250.000 euros en facturas sen pagar do seu goberno. Tampouco di que hai unha débeda no Mercado do Progreso de máis de 400.000 euros que tamén deixaron vostedes.

Polo tanto aquí non houbo abafe nin nada diso, o que fixeron vostedes foi deixar de pagar o que obrigatoriamente tiñan que pagar e puxéronse a gastar no que é un brinde o sol; dicir “imos facer” cando realmente non había cartos para facer nada.

Hai un rato falaram do IMD e da Xerencia. O IMD comparado con ese documento ó que aluden que foi o orzamento do 2007, leva unha dotación de case 1.000.000 euros co que vostedes presentaban hai uns meses. Como é posible dicir que nos esquecemos do deporte se vostedes hai uns meses apuntaban no IMD 1.000.000 euros menos? O mesmo coa Xerencia de Urbanismo, como pode dicir que é un proxecto nada ambicioso se vostedes hai uns meses contemplaban un millón de euros menos? Dígolle o que pasou?

Indo ó que vostedes presentaban dos investimentos, eu voulle expoñer a toda a cidade de Vigo por que vostedes presentaban investimentos por un total de once millóns de euros. A realidade é que vostedes se esqueceron de moitas cousas imprescindibles para esta cidade, entón retiraron cartos doutras partidas para os

poder levar a investimentos, ás famosas humanizacións. Dígolles que na Administración Central o que vostedes presentaron foi 18.000 euros e nós contemplamos unha partida de 333.000 euros para arranxar a lonxa. A vostedes non lles importaba que a xente cando tiña que esperar na lonxa tivera que estar por debaixo de goteiras e chocar cos cubos que as recollían e sen embargo non lles importou e foron ó Areal.

Con respecto ó Parque Móbil temos vehículos de máis de 20 anos; vostedes en Parque Móbil gastaban cero euros. Nós levamos 265.000 euros. Con respecto ó Parque Central hai unha nave que ten a cuberta de amianto, que ten informes negativos de prevención laboral e que hai que cambiar e non é de agora, xa hai tempo que teñen eses informes negativos. Vostedes nos seus orzamentos levaban cero euros. Nós levamos 197.000 euros porque é imprescindible arranxar esa cuberta.

O mesmo no Parque de Bombeiros. Na dotación a bombeiros levamos 150.000 euros máis dos que levaban vostedes. En Policía Municipal, cantos coches, motos levaban vostedes? Levaban a galería de tiro? Non, vostedes levaban para a Policía cero euros. Nós levamos neste goberno 250.000 euros. En Benestar Social, de investimentos vostedes contemplaban cero euros. Nós contemplamos 318.000 euros. En Educación, sen contar as explotacións, vostedes levaban cero euros. Nós levamos 417.000 euros para a calefacción de tres colexios. Existen tres colexios en Vigo que neste momento non teñen calefacción e a vostedes non lles importou e preferiron que a señora Porro tivera cobre-radiadores novos e non lles importou que os nosos rapaces pasaran frío en tres colexios. En museos o seu investimento era de cero euros. O investimento deste goberno é de 350.000 euros. En Patrimonio Histórico vostedes tiñan 60.000 euros. Este goberno presenta 1.650.000 euros. En Comercio vostedes cero euros, este goberno 850.000 euros. En Turismo cero euros, este goberno 560.000 euros. En Xuventude vostedes cero euros, este goberno 300.000 euros.

Facendo esta conta da 6.000.000 de euros que vostedes non contemplaron nos orzamentos e que nós estamos contemplando e se incluímos o millón de euros do IMD e o millón de euros da Xerencia de Urbanismo temos que vostedes levarían en humanizacións dous millóns de euros. Esa é a realidade, vostedes presentaron unha pantomima, algo que non se axustaba para nada á realidade e o que fixeron foi

vender fume.

Así o mesmo pasa con cada unha das intervencións nas parroquias, quero saber canto levaban exactamente a cada unha desas parroquias, en cada un deses proxectos, canto levaban para a zona de Povisa, canto para Sanjurjo Badía, canto para o Casco Vello, canto para Balaídos, para Beade. Exactamente nada. Polo tanto no que estaban contemplando vostedes estaban esquecendo absolutamente ós barrios e ás parroquias.

O que pasa con vostedes é que están enrabiados porque nós somos o primeiro concello de Galicia que está aprobando uns orzamentos, nun tempo récord presentamos un orzamento e cun modelo de cidade completamente distinta porque vostedes poden falar moito de que quixeron humanizar barrios e parroquias; presentaron un papel que xamais se podería levar á realidade. Se se chegan aprobar esas modificacións orzamentarias con cargo a remanentes que presentaron, saben vostedes cal sería o nivel de remanentes neste momento? Eu si fixen a conta. Se se aprobaran as dúas modificacións orzamentarias, a de 22 e a de 14 millóns de euros que levaron, neste momento o nivel de remanentes sería de menos dez millóns de euros e os que saben de economía saben perfectamente que é unha situación de suspensión de pagamentos.

O que vostedes fixeron foi unha absoluta irresponsabilidade. A realidade é que presentaron papeis, xamais apostaron pola cidade, xamais apostaron polos barrios e polas parroquias. Presentaron papeis pero só investiron no centro, esa é a realidade. Nós, ademais de investimentos, ademais de cumprir con esa aposta que temos de cen millóns de euros para barrios e parroquias, apostamos por moitas cousas máis, apostamos pola igualdade, queremos que os nosos fillos saiban falar inglés e poidan defenderse nun mercado internacional. Apostamos tamén polo transporte público para todos, para que todos teñan a mesma capacidade de mobilidade, apostamos pola solidariedade, por esas políticas sociais.

Están realmente doidos polo que estamos facendo. Fixemos o que nunca se fixo. Eu non son nada pretenciosa, nunca o fun, pero a verdade é que me sinto moi orgullosa, é a primeira vez que me sinto moi orgullosa porque en tres meses fun quen de facer unha modificación orzamentaria, unhas ordenanzas fiscais e sacar adiante un orzamento, algo que vostedes non foron quen de facer nin nun ano, nin en dous, nin en tres. Polo tanto eu persoalmente síntome orgullosa pero sei que os

meus compañeiros tamén o están de estar hoxe aquí defendendo en tempo récord os mellores orzamentos desta cidade, uns orzamentos que defenden a vivenda, o benestar, a educación, a cultura, o deporte, a solidariedade e así podería seguir. Moitas grazas.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Claro que estamos moi orgullosos, como dicía na anterior intervención, entre outras cousas porque hoxe imos aprobar un documento político que vai transformar esta cidade e que vai cumprir coas expectativas e coas demandas dos cidadáns.

Dicía na primeira intervención que neste momento tan importante para a política municipal tiñamos que facer un esforzo de lle explicar á cidadanía que é o que queremos facer, que é o que está contemplado nos orzamentos e en definitiva cal é o modelo da cidade que cada formación política que representa á cidadanía propón. Sr. Figueroa, eu non vou cambiar nin o ton, nin a miña pretensión polo que vostede acaba de afirmar aquí porque sigo pensando que cando se explica un orzamento, cando se explican unhas liñas políticas non é para acusar a ninguén, senón que é para llas mostrar ós cidadáns. Pero xa que vostede aludiu nalgunha ocasión ó Bloque, quero dicirlle algo.

Dicía vostede que aquí hai dous alcaldes, un que quere ser alcalde e outro que o é. Voulle contestar con toda a claridade: Non quero ser alcalde desta cidade, quería ser cando me presentei ás eleccións, agora non o quero ser porque a cidadanía xa decidiu quen é o seu alcalde e creo que ese é o maior respecto que se lle pode ter a unha cidadanía e á democracia. Polo tanto en toda esta lexislatura non se preocupe que eu non vou querer ser alcalde desta cidade. Ó mellor vostede si porque onte nos dicía que coidado, que as cousas poden cambiar. A cidadanía decidiu e nós, o Bloque Nacionalista Galego, sempre apostamos polo que a cidadanía decide gústenos máis ou menos.

Agora iso si, agradézolle que vostede me dea a cualificación de que “progreso adecuadamente”. Espero que cando remate a lexislatura teña méritos para que me dea vostede a matrícula, non en gastos de publicidade, que agora lle vou demostrar que non son certos, senón como defensor desta cidade que é para o que traballo todos e cada un dos días.

Eu non sei se vostede leu os orzamentos de seu do 2007 que, por certo, di que os

votamos en contra; vostedes non os trouxeron a aprobación plenaria, non foron quen de lle presentar á cidadanía no Pleno da Corporación que é o que querían facer e polo tanto ninguén votou en contra de nada.

Vostede di cousas ás que hoxe lle teño que contestar porque non sei se leu ou non o seu propio orzamento. Acaba de dicir textualmente que o orzamento de Cultura baixaba un 25% porque nós incluíamos a anualidade do pazo de congresos, cousa que vostedes non facían. Está recollido nunha acta. Pois mire: "Orzamento Vigo 2007. Partida 770000, anualidade pazo de congresos, 8.260.000 euros". É o seu orzamento e está na acta o que acaba de dicir sobre que vostedes non o meteron. Léase primeiro os seus propios orzamentos como si o fixemos os demais.

En canto a Benestar Social vostede di que practicamente non aumenta nada; léase os seus orzamentos. O gasto que Vicepresidencia puxo para o Concello de Vigo asúmelo no seu propio orzamento: 640.000 euros. Sra. Iglesias, está aquí, no seu orzamento, non estou inventando nada; é o mesmo orzamento no que vostedes contemplan para axuda no fogar 1.248.000 euros no 2007 e nós subimos 200.000 euros máis. Iso é no orzamento do 2007 e, como ben dicía a concelleira, investimentos en materia social cero. Nós 300.000 euros.

Dicía na miña primeira intervención, Sr. Figueroa, que a diferenza entre as formacións políticas está en saber priorizar en que se gasta. Con recursos ilimitados todos o temos moi fácil, na priorización está o importante.

Orzamento de Cultura, como expliquei antes apostamos pola reforma do auditorio, polas bibliotecas, salas de estudo, por unha programación de teatro. Claro que vostedes dan prioridade a outras cousas como comprar unha escultura por 215.000 euros e iso está no seu orzamento. Aí está a diferenza entre uns e outros.

Se seguimos analizando ese orzamento de 2007 que vostedes querían poñer en práctica, veremos que mesmo en Deporte xa hai unha cousa moi curiosa. Vostedes din que deixaron unha piscina para inaugurar; unha piscina que nestes momentos non está urbanizada, temos que contemplar nós a urbanización e a prestación de servizos para que se poida abrir. Pois no orzamento de 2007: piscina de Valladares cero pesetas. Dixeron que subiron as subvencións de Deportes. Non, no orzamento de 2007 teñen a mesma cantidade que no do 2005: 680.000 euros. Están aquí. Nós subimos a 990.000 euros.

Poderíamos seguir así porque si que coñecemos os orzamentos. Cando se fala dun

elemento importante como é a igualdade de oportunidades para as mulleres, vostedes no 2007 tiñan conxelado o Plan de Igualdade de Oportunidades en 24.000 euros, igual que no 2005. No Plan en contra da violencia de xénero vostedes tiñan no 2007, 55.000 euros e nós 90.000.

Onte a señora Molares facía unha defensa dos comerciantes desta cidade, defensa que nós tamén facemos, do pequeno e mediano comercio; pois vostedes se cargaban no 2007 a Concellería de Comercio e iso téñeno que saber os comerciantes, sinxelamente lle adxudicaban 277.000 euros dos que para esa prórroga do prazo de exposicións había 240.000 euros. Estou falando dos seus orzamentos. Vostedes deixaban para apoiar ó mediano e pequeno comercio desta cidade exactamente 35.000 euros no orzamento de Comercio. Xa se ve que vostedes están por outras grandes cousas e non polo pequeno e mediano comercio. Pois nós temos neste orzamento 1.511.000 euros cun orzamento tamén de investimentos preto dos 800.000 euros.

En definitiva, nós si que estudamos o orzamento do 2007. Pero o que teño que dicir é que se vostedes teñen a clara concepción de que o que presentamos hoxe aquí é unha fotocopia do orzamento do 2007, teño que anunciar que imos sacar este orzamento por unanimidade porque, como entendería a cidadanía se un orzamento que é absolutamente unha fotocopia, está recollido nas actas, do que vostedes traían que agora votaran en contra, ou sinxelamente se abstiveran? Iso é o que lle hai que explicar á cidadanía e o resto é demagogia. Se este orzamento como vostede di é fotocopiado tal cal do de 2007, coido que este vai ser un día importante para a cidade porque o imos aprobar todos por unanimidade.

SR. LÓPEZ FONT: En primeiro lugar sinalarlle ó Sr. Figueroa que estamos discutindo os orzamentos do 2008 e non os do 2007 porque son tantas as referencias ó do 2007 que parece que estamos falando del, parece que vostede lle quere trasladar á cidadanía que houbo un orzamento no 2007 marabilloso e nós copiamos para o 2008 ese orzamento. Pois que saiban os cidadáns, que coido que xa o saben, que non houbo orzamento no 2007, que vostedes foron absolutamente incapaces de negociar un orzamento para o 2007, entón todas as excelencias que vostede poida dicir dun documento como ese proxecto de orzamento, quedan coa maior inconsistencia que é a que realmente tivo o seu goberno nos tres anos e medio.

Morre o peixe pola boca e a vostede pásalle isto moi a cotío. Fala dun orzamento que vostede sabía, porque o seu grupo non foi quen de negociar, que non ía saír adiante, e di que contentaron ós veciños, que falaron co movemento veciñal, que meteron non sei cantas partidas. Un auténtico brinde ó sol como lle pasou co tema dos sindicatos e logo lle contesto puntualmente.

Tal e como tiñan politicamente confeccionado o orzamento do 2007 poderían chegar, non ós 231.000 millóns de euros ós que chegamos nós agora, senón ós 280 ou ós 400. Iso chámase pouca seriedade á hora de gobernar e precisamente iso é o que vostedes tiveron neses tres anos e medio e nos Plenos vostedes, que adoitan facer moito fincapé na memoria e en situacións anteriores, de verdade aínda non se decataron do resultado electoral.

Anticipelle nunha das miñas primeiras intervencións que cada vez que falase de mentiras eu lle ía contestar. Colleu vostede un retrouso, que ademais lle debo transmitir que xa lles resulta moi aburrido e monocorde ós cidadáns iso de que se o alcalde e o goberno menten, etc.; o que se comproba nestes catro meses é que os únicos que mentiron foron vostedes. Cando vostede en debates neste Pleno ou en televisión di que todo quedou listo, que todo quedou en programación e que a este goberno só lle corresponde desenvolve-lo, nesta cidade só o cre vostede e non sei se algún máis do seu grupo porque cada vez que vostede fala do auditorio é absolutamente patético dicir que é un proxecto que fixeron, que está perfectamente canalizado e demais. Sabe vostede perfectamente todas as dificultades que ten o auditorio por unha sinxela razón, porque nunha Xunta de Goberno de abril, non lembro o día, aprazaron a presentación do proxecto de execución do auditorio para logo das eleccións para non ter problemas no período electoral.

Cando vostede fala de que nós estamos na difamación permanente, non, señor Figueroa, señores do Partido Popular, estamos na constatación do que vostedes dixeron que fixeran e non fixeron. O tema dos aparcadoiros estaba cheo de recursos e como iso todo. Podería, como concelleiro de Xestión Municipal, dicir que cada papel que se levanta é un problema e empezamos polo tema dos postos de flores nos cemiterios e demais.

Dende este goberno repítolle que non se difama a xestión do anterior goberno, sinxelamente que cando hai unha cuestión puntual se di e se vostedes no

orçamento do ano pasado tiñan 150.000 euros para publicidade de Alcaldía e fixeron non sei que artelladas contables para chegar coido que a un millón e pico de euros, nós dicímolos. Iso a vostede lle parece difamación pero non o é e agora me referirei á acta de arqueo que vostede magnifica e pon como se fose case a Biblia. Que teñan os cidadáns a constancia, porque o ven acotío, de que nós non os difamamos a vostedes, que o alcalde en absoluto está mentindo, o que pasa é que nestes tres meses e medio, case catro que levamos, papel que se levanta, problema que se aborda, estamos diante dunha situación que vostedes foron deixando apodrecer coa intención de non ter ningún conflito con ningún dos colectivos desta cidade. O tema do movemento veciñal é moi significativo porque lles poderían ter prometido un plan parroquias, vinte mil cousas como fixeron con todas esas débedas que se tiveron que abordar na modificación orzamentaria; era un xeito moi fácil de gobernar, xeito que nós non imos desenvolver, querer contentar a todos sen ningunha consistencia. Agora si, brindes ó sol os que fosen necesarios.

Coido que ós cidadáns lles aburre pero eu teño que entrar no mesmo que vostedes permanentemente traen a este Pleno. Cada vez é máis palpable que vostedes son o pasado e nós o futuro. Que un grupo con 13 concelleiros se presente ó debate do documento, como ben di o tenente de alcalde, máis importante da lexislatura só querendo xustificar o que fixeron no 2007, como cidadán de a pé penso que é lamentable.

Fala de proxectos, de que nós non fixemos, de que nós copiamos. É lamentable, Sr. Figueroa, veñen aquí ó debate do orzamento unicamente a defender a súa xestión anterior, a dicir que o orzamento era marabilloso. Vostede si que non dixo nin nada bo, que é unha frase que lle encanta, que va no noso orzamento, nin nada novidoso, nada. Di sinxelamente que nós copiamos e que fixemos.

Esta xustificación do pasado eu non sei a cando vai rematar. Pola actitude que vostedes manteñen a verdade é que estaba buscando dende hai tempo unha frase, unha definición e debo recoñecer que non a atopaba, pois ma acaba de dar a miña compañeira de goberno que está moi inspirada e é verdade: están enrabetados. Os símiles futbolísticos enténdenos case todo o mundo e de verdade que están como ese defensa ó que lle fan dous ou tres caños e está moi enfadado, revólvese e non sabe xa o que facer. Iso nótase primeiro nas cousas que din, en como as din e nas

formas.

Eu xa llo pedín nalgún Pleno e é verdade que é absolutamente responsabilidade de seu pero coido que a cidade demanda que teñan a valentía política de recoñecer que as urnas xa ditaron sentenza, de recoñecer que este é un goberno de 14 concelleiros con maioría absoluta que debe de gobernar e que vostedes, en troques de se remitir continuamente ó pasado auto-xustificándose o que deben facer é gobernar.

De verdade que non quero caer en palabras e frases descualificadoras e ferintes, pero cando fala de dous gobernos volve ser absolutamente patético. Estallo dicindo o tenente de alcalde reiteradamente, a actuación política demostra que este goberno é estable, duradeiro e claramente cun plan que está no pacto de goberno totalmente definido. Evidentemente que están enrabetados e moito máis porque somos o primeiro concello de Galicia que traemos orzamento, estamos cumprindo rigorosamente non xa coa normativa, senón coa lóxica política que aconsella que este concello o 1 de xaneiro teña por fin unha situación que vostedes non foron quen de lle dar, de ter orzamento ese día.

Pero cando me fala de dous gobernos de verdade que é absolutamente incomprendible porque dous gobernos había co seu e materializábase, aínda que xa se dixo pero eu llo quero dicir, ata na situación de despachos e demais, ata na delegación. Aquí cando lles estamos dicindo permanentemente que formamos un goberno sólido e o tenente alcalde, persoa á que lle invitan pouco menos a que queira ser alcalde, xa llo dixo, semella de verdade absolutamente fóra de contexto. Quero relacionar porque é algo que vostede tamén menciona con respecto a este tema de dous gobernos e de peso político. Esta cidade xamais tivo tanto peso político como ten agora. Esta cidade en catro meses recibiu a visita nun auténtico cumio político do presidente do Goberno, vicepresidente, secretarios de Estado; viñeron ministros con cuestións concretas e ese precisamente foi un dos peores puntos do anterior goberno, en concreto da señora Porro como alcaldesa e ela mesma o recoñeceu nun debate que para poñer unha marquesiña na Praza de España levaba non sei cantos centos de meses tentando falar con Fomento e non era quen. Polo tanto o peso político desta cidade se demostra nisto e non eludimos o debate, preséntase perfectamente no que son os orzamentos xerais do Estado e nos orzamentos da Xunta.

En meses anteriores lles oía unha cantilena continuamente relacionada co AVE, coa promesa electoral que fixo o daquela candidato polo Partido Socialista, señor Caballero, e agora é moi curioso que abandonaran esa cantilena porque tiñan aquela frase famosa de “o BOE” e repetían permanentemente. Dende que o AVE de Madrid a Vigo está no Boletín Oficial do Estado non lles volvían escoitar absolutamente nada e anticipolle que todas aquelas cuestións que hoxe critican porque din que se as partidas son escasas, etc., esas partidas estarán no seu momento no Boletín Oficial do Estado e no DOG. Deberían saber, e non se trata de manter aquí unha didáctica política cara vostedes, que as cousas teñen os seus tempos e que nos orzamentos non se pode recoller o que se vai gastar dentro de dous ou tres anos. Pásalles co AVE como lles pasou co verán. Era moi ocorrente aquela cuestión que andaban como tolos a ver que día remataba o verán para se saía no Boletín Oficial do Estado o tema do AVE. Isto di moito da súa forma de facer política.

Concelleiros do Partido Popular, falan de abafe, de peso político e demais, eu só puiden traer este gráfico. Este é o gráfico que amosa o investimento da Xunta de Galicia na cidade de Vigo e isto, que non fai falla que diga ningunha cantidade, os anos anteriores era o que tiña, o que facía o Partido Popular do Sr. Fraga, o seu goberno, por Vigo. É a mellor proba do peso político que mantén esta cidade porque o peso político de seu xa o coñecemos e cando falan de dous alcaldes e nós xa descubrimos que o peso político é que na Deputación provincial de Pontevedra habilmente vostede quedou de vicepresidente primeiro e a que ía de candidata á Alcaldía de Vigo, a señora Porro, está de quinta vicepresidenta. Esta é a mellor proba do peso político que ten esta cidade e este partido. En canto ó peso político coido que era palpable que a señora Porro era incapaz de negociar con ninguén, nin acadar ningún acordo con ningunha administración e polo tanto entendo que iso está suficientemente explicado.

Polo tema dos cumprimentos non se preocupen. Falou de cen millóns de euros que nós comprometemos en campaña electoral. Xa lle anticipo e vostedes tamén saben, que todo este tipo de actuacións saen de moitas vías e este orzamento é só unha vía para facer actuacións dese tipo. Pero non se preocupen que con ese político do que lle falaba anteriormente, aínda que provoque algunha risiña pero ós cidadáns non lla provoca, imos conseguir cartos doutras administracións para ese

tipo de proxectos, non está no noso programa electoral que só do orzamento municipal vaia haber cen millóns de euros para isto. Por todo iso vostede déixenos facer no que lle dicía anteriormente que xa verá como isto vai certamente ben.

Coido que se está acostumando a frases e palabras moi grandilocuentes coa intención desta escenificación, cando mira para os medios de comunicación e demais. Pídlle que non fale de trampas porque se nós estamos a facer algunha trampa, vostede que é moi amigo de retar, é un termo que non me gusta pero cariñosamente e noutro ton tamén lle reto eu a vostede: o que haxa de trampa neste orzamento, o que non sexa legal póñeno vostedes en mans dos Tribunais. O que pasa é que é unha contradición permanente. Primeiro quere dicir que nós lles copiamos a vostedes e a continuación di que estamos facendo trampas. Entón, tamén eran tramposos vostedes anteriormente? A verdade é que a linguaxe que vostede mantén non o entendo.

No tema de Persoal sorpréndenme algunhas das súas afirmacións, coido que por coñecer vostedes o tema parece mentira que digan determinadas cousas. É increíble que dende os bancos do Partido Popular se fale de cumprimento, de oferta de emprego e se fagan determinadas críticas cando a oferta de emprego público que se está realizando e que está rematando agora é a do 2005. Pola súa ineficacia administrativa, pola súa pouca consistencia á hora de gobernar son vostedes os que non sei se en 100 ou en 200 furtaron ós cidadáns de Vigo e de España, porque se pode presentar calquera, de non sei cantas prazas porque a Oferta de Emprego Público do 2006 e do 2007 non a sacaron. É dicir, o goberno anterior sáldase coa Oferta de Emprego Público do 2005 e este goberno vai ter Oferta o primeiro ano de gobernar e vaina desenvolver nese ano, case rematan cos prazos legais.

En campaña electoral nós fixemos unha aposta pola Policía Local e iso demóstrase nestes orzamentos. Coa dotación proposta e co que vai ir nos seguintes cumprimos. Xa se referiu a concelleira de Facenda anteriormente á racionalización na utilización dos efectivos que é evidente. Nós acadamos un acordo con todos os sindicatos do Concello polo que se lle deu unha volta completa ó cadro de persoal administrativo e de todo tipo que ten o Concello. Polo tanto nese sentido de trampas e de non sei cantas cuestións, volvo dicir que aquilo que coiden que non é legal así llo fagan chegar ós Tribunais.

Pero son moi curiosas as referencias que fan a persoal eventual. É outro retrouso

que sacaron da manga e que permanentemente están mesturando cousas que xa estaban na RPT decididas por vostedes anteriormente pero, é moi curioso, xamais lles escoitei falar do seu persoal eventual e do número de asesores que teñen, xamais lles escoitei, iso debe ser que está ben. Hai que *demonizar* a un asesor do PSOE ou do Bloque Nacionalista Galego e os asesores e administrativos que teñen vostedes que son a totalidade dos que pediron, niso non hai ningún problema. No tema das dedicacións exclusivas dos concelleiros a petición que lle fixeron chegar ó alcalde aceptouse. Non só iso, senón que unha vez que fixeron a petición non lles debía encaixar, enténdoo perfectamente, coas persoas que tiñan e o que era parcial a 05, enteira ó 1 aínda a queren converter nunha especie de 0,75, acéptaselles, tráese a este Pleno votámolo os concelleiros do goberno favorablemente. Polo tanto, de verdade, deixen de facer demagogia co tema do persoal eventual e en todo caso cando se refiran a isto o que teñen que facer é dicir absolutamente todo.

Vou rematar. Estanme a dicir o número dos asesores que teñen vostedes e, como xa se sabe, prefiro nin sequera o dicir porque o máis importante é o concepto, é que ese grupo da oposición con trece concelleiros, sempre recoñecido polo alcalde que debe ter o seu espazo e a súa dotación, cumpriuse absolutamente todo o que vostedes nos pediron.

O Sr. Domínguez, tenente de alcalde, progresará adecuadamente. Eu tamén estou de acordo con vostede. Facía moito tempo que non estaba de acordo con vostede. O que coido que estamos o Sr. Domínguez e mais eu tamén de acordo é en que vostede vai perigosamente cara á zona do suspenso e non sei se non vai chegar ó cero. Vostede si que en troques de progresar adecuadamente vai suspendendo polas cousas que di neste Pleno e por outras que manifesta.

O orzamento do 2007 que nunca existiu podía levar moitas cousas a sabendas vostedes de que non o ían conseguir e o que tiñan que facer cando estaban tan abafados, cando tiñan tanto atranco, en todo caso e dada a súa incapacidade sería deixar esta Corporación a quen a puidera levar. Polo tanto esa acusación permanente ós anteriores é sinxelamente para poñer en cuestión a súa incapacidade para gobernar.

Nós trouxemos aquí un orzamento que vostede foi incapaz de rebater baseado na seriedade das cifras, dos programas electorais que unha e outra forza política

presentamos e lémbrolles que eses dous programas electorais, mal que lles pese, obtiveron 14 concelleiros nas anteriores eleccións. Afortunadamente eses 14 concelleiros van permitir que se governe esta cidade e iso foi o que vostedes non acadaron malia facer tan marabillosamente as cousas.

Remato como comecei. Estamos falando, Sr. Figueroa, do orzamento do 2008 e non do do 2007. Fraco favor faille a Vigo e ós seus cidadáns vostede e o Partido Popular con non entrar no que é o goberno desta cidade e só entrar no lamento e na queixa de por que non obtiveron un concelleiro máis. Lamentablemente malia as ameazas e dos retos que nos fixo onte terá que esperar máis de tres anos para ter esa oportunidade e coido que non a terá. Gracias.

SR. FIGUEROA VILA: O presidente do Goberno, Sr. Zapatero, necesitou dúas tardes para se poñer ó día en temas económicos; aquí vexo que alguén necesitou dez minutos de receso para dar directrices e o que nos sorprende é que non intervén un só, senón que interveñen dous e esperemos que non interveña tamén o alcalde neste tema por parte do Partido Socialista. Non deben ter moi claro cales son os seus posicionamentos porque rachan un pouco a norma. Se vostedes quixera intervir tería que intervir de menor a maior na outra intervención e non agora, pero miro que a nosa intervención debeu ser bastante consistente como para que teñan que intervir dúas persoas máis o representante do Bloque Nacionalista Galego. Paréceme ben que o goberno colla todas as forzas para facer as intervencións correspondentes.

Hoxe xa quedou perfectamente claro que temos que defender a situación económica deste Concello que deixou o Partido Popular, pero como non a imos defender. Aquí estamos falando do modelo de cidade, do presente e do futuro da cidade pero para construír o presente e o futuro hai que falar do pasado porque é importante e sobre todo nos temas económicos. Vostedes difamaron e calumniaron ó Partido Popular coa situación económica que deixou neste Concello.

Repito de novo que nós collemos este concello con 108 millóns de euros e deixámolo con 47 millóns de débeda, isto quere dicir 51 millóns menos, para que algúns entendan aproximadamente uns 8.000 millóns de pesetas menos de débeda. É dicir, en créditos do Concello de Vigo, a xestión do Partido Popular reduciu a débeda en 8.000 millóns de pesetas, gústelles ou non, seguramente non

porque é a primeira vez na historia que se produce esta situación.

Unha segunda cuestión é que Vigo é o Concello de España que menos endebedamento ten. Se a media das familias normais estamos en torno a un 60-70% ou mesmo algo máis, o Concello de Vigo ten o 23,32% de endebedamento e ese dato nin universitarios, nin catedráticos, nin profesores, nin ninguén o pode rectificar por moita cátedra, por moita universidade que moitos queiran meter aquí porque é auténtico e non o vai disfrazar absolutamente ninguén.

Os Concellos e a administración se poden endebedar ata o 110% dos seus ingresos correntes, polo tanto é mentira todo o que se dixo ata agora e séguese demostrando porque no orzamento que vostedes acaban de presentar só hai unha partida de pagamento de factura atrasada de 251.000 euros. Voulle dar o beneficio da dúbida, que teña razón a concelleira de Economía cando di que hai 6 ou 7 millóns de euros; pois vale tamén, máis 250.000 serán 7-8 millóns de débeda. Saben vostedes o que nos deixaron a nós no Capítulo de débedas? Que foi a Pleno en orzamento e non en remanente de crédito: trece millóns de euros. Se queren lles lembre que algúns mesmo tiveron que ir ó xulgado por algunha situación que salvou o goberno anterior e na que non quixo entrar nin xamais fixo público. Trece millóns de euros logo de ter unha maioría absoluta dun bi-goberno BNG-PSOE e logo un segundo goberno durante catro meses que non foi goberno nin foi nada.

De vinte millóns de euros de investimentos, trece eran de débedas do goberno anterior, aínda hai unha diferenza de 6 ou 7 millóns de euros. Aínda no suposto de que deamos por boa esa cifra que tampouco é así, haia que axustar porque normalmente cando se fai o traspaso de poderes, que vostedes non o fixeron porque non lles interesou, seguramente tiñan a estratexia perfectamente calculada para calumniar e difamar ó goberno saínte, había o que di o interventor daquela cando se fai a modificación de crédito: vinte millóns de euros confirmados en informes. Coido que hoxe quedou perfectamente claro para todos os cidadáns que vostedes herdaron unha situación económica excelente para poder facer o que hoxe están presentando. A partir de aí se queren seguimos co debate do orzamento.

Sr. López Font, vostede non di nada da Policía. Dígalles ós cidadáns se é verdade ou mentira que teñen dez prazas menos para o ano 2008, que o Sr. Calviño difamou e calumniou ó goberno anterior dicindo que non aplicáramos políticas na Policía, que

a Policía non estaba ben tratada, que faltaban moitos efectivos de Policía para cubrir as demandas dos cidadáns e que en catro anos ían facer unha política de 25 prazas por ano. É mentira, reduce en dez prazas o corpo de Policía e iso está nos números, nos datos, no Capítulo I de Persoal e iso non o pode negar absolutamente ninguén.

A terceira cuestión é que o Capítulo VI que vostedes presentan é unha fotocopia e xa veremos o que votamos porque nós temos unha diferenza con vostedes, estamos aquí para colaborar coa cidade, para que se as cousas que se lle presentan á cidade son boas tomar as decisións que sexan correctas. Pero como oposición tamén temos que denunciar o que vostedes non fan correctamente. Vostedes no Capítulo II incrementaron a publicidade e as asistencias técnicas e das asistencias técnicas non falou absolutamente ninguén porque é evidente que se incrementaron nun 65% con respecto ós orzamentos anteriores.

En canto á publicidade e propaganda igual. Cando chegamos había dous millóns de euros en publicidade e rebaixámoslos a un millón de euros. Vostedes están incrementando a un millón e medio máis e polo tanto están no 35-36% aproximadamente de incremento en canto a partidas de publicidade.

Estes son os orzamentos que vostedes presentan e nos que non hai grandes novidades agás algúns temas que nos preocupan como o de Persoal e o da publicidade e propaganda. Pero ata a publicidade e a propaganda utilicen vostedes como coiden oportuno, nós non incrementaríamos esas partidas porque coido que será negativo para a cidade, hai outros proxectos importantes que se poden levar a cabo.

Loxicamente vostedes non queren recoñecer o traballo do goberno anterior, están tentando continuamente machacar a xestión do goberno anterior. Nada máis chegar fixeron a afirmación do tema económico, de vías e obras, tentaron remexer o tema do pazo de congresos do que por suposto falaremos logo, tentaron dicir que todos os contratos non eran legais pero, se vostede di que houbo tantos recursos, porque hai recursos a todos os contratos, a pregunta é por que vostedes non estimaron eses recursos. Están cometendo unha ilegalidade. Se consideraban que eran ilegais estimaran eses recursos.

Supoño que consideraban que era moito máis importante ter os proxectos enriba da mesa e, como dixo o alcalde nunhas declaracións: "As tapas, as humanizacións dos

aparcadoiros, é cousa do goberno do Partido Socialista". Como pode dicir iso se iso está nos pregos de condicións que marcan uns criterios de humanización, cuns metros cadrados, cun valor en metro cadrado, etc. Quererán atribuírse eses proxectos e agora están tentando que as empresas poñan en marcha os proxectos inmediatamente para que lles dea tempo a vostedes a capitalizalos. Sabemos que o van facer, non nos preocupa porque é importante e bo para a cidade.

Logo vostede desviou o debate, non lle interesa o debate do Concello de Vigo. Nós non metemos neste debate ningún outro elemento que non fose nin Xunta, nin goberno central. Sobre o que pasou o outro día en Madrid na reunión do AVE gustaríanos que o alcalde nos contara a verdade. Como se pode dicir que o alcalde é quen vai firmar protocolo co AVE e só falla o financiamento e van incluír vostedes unha estación de autobuses na estación actual de RENFE. Iso está incluído dende hai anos no Plan Xeral. Como se pode manipular á opinión pública de tal xeito? Vir o alcalde dunha reunión de Madrid, que supoño que se é un goberno afín os temas están resoltos, e dicir que aínda está sen resolver o financiamento?

O financiamento está sen resolver dende o ano 2006 porque este Concello se negou a tragar o quería o Ministerio de Fomento e a Consellería de Política Territorial que é nefasta para esta cidade porque nos querían meter unhas cargas importantes coa saída do AVE e nós negámonos, quería que pagásemos o traslado dos almacéns de Vigo a Redondela e querían que pagásemos coas plusvalías unha parte da operación da entrada do AVE en Vigo.

Iso sabémolo todos pero non o fixemos público por responsabilidade. Por qué está falando vostede agora de peso político se viu como foi, exactamente igual, pero vendeu que se vai introducir como elemento a maiores unha estación de autobuses na estación de ferrocarrís. Iso está incluído dende o ano 2001, non leron o Plan Xeral ou si o leron pero tentan confundir á opinión pública.

Logo falan vostedes de despachos, de dous alcaldes; nós non queremos falar deses temas, xa están pasados pero os despachos son os que están creando vostedes para facer un control un do outro. Son vostedes, Sr. López Font, os que están alimentando á opinión pública con esas críticas que están facendo que ó final resulta que van ó Reitorado para os eventos importantes, cando veñen alcaldes de fóra ou veñen ministros teñen que ir ó Reitorado porque non teñen isto en condicións e saben que a decisión que se tomou era acertada porque non ten nada

que ver unha sede institucional cunha administrativa. Todos os gobernos de todos os países, de todas as cidades que se precen teñen unha sede institucional onde reciben ás autoridades e persoas con certa representación que veñen de fóra, ou da propia cidade, pasa na Coruña, en Santiago, pasa en Lugo, en todos os lados.

Pero vostedes teñen un problema político de fondo que non son quen de resolver. Téñense que controlar, teñen que controlar ó tenente de alcalde porque manda máis ca vostedes, é certo, diso non ten ningunha dúbida a cidade, fai o que lle dá a gana, cando quere para un tema, cando quere fai un debate do Plan Xeral, cando os quere botar a vostedes do MARCO faino, cando quere cambia os estatutos do MARCO. Xa sabemos que fai o que quere do alcalde. Nesta cidade hai un alcalde feble e esa é a situación de seu que teñen que resolver vostedes e non nós. Nós fomos un goberno unido porque coidabamos que había que ter unha representación digna para esta cidade.

Vostedes falan de que teñen un modelo de cidade; claro que é unha copia do noso orzamento e aínda ninguén me contestou ó do Capítulo VI: só teñen dous proxectos novos. Díganme vostedes cales son os proxectos que vostedes fixeron ou proxectos que innoven algo do orzamento do ano 2007.

Sr. Domínguez Olveira, non me gusta meterme con vostede pero colla o orzamento do 2007, día 14 de decembro, e mirará unha votación porque houbo un orzamento. Vostede non estaba porque era director xeral pero supoño que representaría ó Bloque e os que estamos aquí si que estabamos. Houbo un orzamento no ano 2007 que era para cumprir cunha serie de expectativas e proxectos que tiña esta cidade, que se levaron a cabo e que ó final logo vostedes o copiaron. Repito de novo que agás en publicidade, en propaganda, en asistencia técnica e no tema de persoal das dez persoas que falei antes, fotocopiárono. Aquí está e quen queira o pode analizar.

Vostedes están na incoherencia porque non se pode facer un debate hai un ano como algo que necesita esta cidade, que foi o tema de saneamento e que aquí algún concelleiro defendeu por dez millóns de euros e agora non recoller nin unha soa partida, están falando única e exclusivamente de un millón e medio para temas de saneamento. Gustaríame saber tamén se hai algunha partida para o colector do Porto que é necesario, que por culpa dun capricho do anterior presidente da Autoridade Portuaria temos que pagar un millón máis de euros, tamén por aburar ó

gobierno anterior. Do tema do Porto falamos logo, xa que vostede falou doutros debates.

No tema do pazo de congresos non está a dicir a verdade, Sr. López Font, porque sabe que se pediu unha modificación do proxecto e o anterior goberno se negou como se negaría a día de hoxe porque considera que hai un prego de condicións cunha proposta de adxudicación por un importe dunha empresa e logo da adxudicación hai un proxecto básico co mesmo importe e que vostedes non lle queran dar á prensa. Polo tanto, se hai algunha modificación que a pague a concesionaria.

O Concello ten que esixir, como así fixemos nós, que se constrúa o mellor pazo de congresos, coas mellores calidades e co proxecto que ofertaron porque non estamos falando de calquera empresa. Caixanova pode e debe facer ese investimento acorde co que necesita a cidade e por iso puxou dun xeito claro por ese proxecto. Iso é unha debilidade política, máis ca unha debilidade é unha estratexia de crear un problema para tentar logo lle buscar a solución.

Sabemos todos o que vai pasar e eu xa llo anuncio: vai haber modificacións do proxecto, vaise rebaixar a contía e non vai pasar absolutamente nada. Iso é *vox pópuli*. Non se dan conta que igual que falan con vostedes falan con nós tamén? Se queren lles digo o que está pasando con ese proxecto, o que están facendo e as directrices que lles deron vostedes.

Non esquezan que a xente cando vai a reunións con vostedes non están tranquilos porque saben que son un goberno feble e entón veñen á oposición e nos contan o que está pasando, pero nolo contan todos, cando o alcalde recibe ós empresarios e dilles que non sabe, que é un tema do que lle pasou o concelleiro o informe e que o hai que analizar e estudar, e cámbiase a idea.

Está pasando acotío, Sr. López Font e señores corporativos, por iso vostedes chegaron aquí e alguén intoxicounos, dalgúns departamentos, técnicos cualificados ou moi cualificados, informáronlles mal e lévanlles mal a información e cando vostedes analizan os temas e dánse conta do que hai ven que as cousas non están tan mal feitas porque senón non serían tan pouco intelixentes, nin tan pouco serios. Coido que todos os que temos algo de responsabilidade, se vemos que podemos ter algunha responsabilidade nalgún tema importante a medio ou a longo prazo non actuamos incorrectamente, nin deixamos pasar as cousas.

Vostedes saben perfectamente que aquí se intoxicou permanentemente porque había un grupo político, o de vostedes, que se opuxo a todos: ó pazo de congresos, ós aparcadoiros, ás piscinas, ó Plan Xeral, ó orzamento..., absolutamente a todo e agora veñen as consecuencias e teñen que dar marcha atrás. En catro meses dixéronse tantas cousas que agora se teñen que desdicir tantas e tantas veces. Como o multa-móbil, o carné por puntos que se ía implantar con todas as súas consecuencias. Era un *paripé*. Fan vostedes ou todo ou nada, polo menos nós tiñamos un criterio: nada e seguímolo mantendo. Vostedes nin arre nin so, para contentar, para dicir que o fan porque o dixeron pero non o fan porque prexudica ós cidadáns e porque agora que estamos metidos no tema sabemos que é unha cuestión non interesante, nin é un obxectivo dun goberno, senón que pola contra hai outras medidas importantes para levar a cabo.

Falaban de herdanzas, como poden dicir que non fixemos ningún investimento en barrios e parroquias? Fágolles unha proposta: facer un debate sobre os investimentos que se fixeron porque algún día haio que clarexar e nós imos tentar chegar ó fondo do tema. En saneamento houbo partidas moi importantes en todos os barrios e parroquias que coido que ó final do mandato vostedes non o van cumprir de ningún xeito e nós o fixemos cun único orzamento. Non sei como fixemos porque cun único orzamento, vinte millóns de euros de investimentos, trece de débedas anteriores, sete millóns só de investimento noso nun un orzamento para tres anos e medio.

Tentaron abafarnos e non foron quen porque nós si fomos capaces de facer xestións coa Xunta e con outras administracións ata que, dígoo claramente, o actual alcalde deu unha orde á Xunta de Galicia de pechar totalmente a billa e a partir de aí rematou e iso demostrárase co paso do tempo, esta cidade non tivo nin un só investimento máis: Consorcio do Casco Vello, pazo de congresos, a saída do AVE negociada en Madrid tamén se paralizou, etc. Con Vicepresidencia da Xunta de Galicia, coa Consellería de Medio Ambiente chegouse a un acordo pola depuradora malia que nos puxeron milleiros de atrancos e ó final tivemos que tomar unha decisión e hai que recoñecer que o conselleiro de Medio Ambiente foi unha persoa bastante sensata porque sabía que un dos temas graves que tiña esta cidade era a depuración e a verdade é que nalgún momento determinado houbo algún enfrontamento pero ó final recapacitou e as cousas volveron ós seus canles.

Pero esas son as cuestións que vostedes tentan evitar, que non queren debater e que lles molestan. Claro que lles molesta que un goberno anterior fose quen de levar a cabo tantos proxectos como por exemplo o do Plan Parroquias, que lle volvo dicir que estamos nunha cifra que supera os cento trinta millóns de euros.

Pódolle poñer exemplos: Pedro Alvarado que inaugurou hoxe o alcalde, non o fixeron vostedes; os dez parques infantís que foron inaugurar, non os fixeron vostedes; O Pontillón que inaugurou o alcalde, tampouco; o Centro Cultural de Valladares que foi a inaugurar, tampouco; a urbanización de Barreiro que está en marcha, a piques de rematar, non a puxeron vostedes en marcha. Creo que algo fixemos, algo moi importante.

O dos nove campos de herba sintética é histórico nesta cidade e tres que, logo de perder as eleccións se seguen facendo, miren cal é responsabilidade o comportamento do goberno anterior, porque debe ser así. Aquí se dixo anteriormente e coincidimos, que non se pode medir todo por unha cuestión electoral; pois o goberno anterior puxo en marcha nove campos de herba sintética que foi unha proposta sen precedentes nesta cidade e en poucas cidades, non só de Galicia senón de España.

As piscinas que puxemos en marcha: unha rematada e dúas a piques de rematar. Son cuestións estas moi evidentes da xestión que se fixo. Vostedes seguen tentando manipular, buscar argumentos que tenten desviar a atención do que nós fixemos e evidentemente non estamos nesa liña.

Por outra banda hai cousas que prometeron en campaña electoral e que non están reflectidas nos orzamentos por ningures porque, quen vai xestionar as instalacións da ETEA? Pensaron facer algunha xestión coa ETEA no ano 2008? Supoño que se se abren esas instalacións, que prometeron que se abrirían en setembro, algunha partida terá que estar contemplada. Supoño tamén que terán que facer algún estudo para Vigo rango de capitalidade que tamén puxeron en marcha vostedes. Ou cando perdan as eleccións no mes de marzo dirán que non tiveron tempo? Execúteno, empecen xa a facer as xestións.

A área metropolitana téñena aparcada e supoño que algo terán que incluír nestes orzamentos para falar dela, se teñen tanto interese e din que a van poñer en marcha. Pois nin un só euro, non se contempla para nada porque as diferencias que teñen vostedes nestes momentos son tremendas, non poden facer absolutamente

nada.

Do Porto xa non lles falo porque iso dá para moito, dá para un monográfico, o peso político do señor alcalde viuse desvalorizado, como vostede dixo. Cando tenta nomear unha persoa afín, non lla nomean, tráenlle unha persoa de fóra e as súas primeiras declaracións son que hai que seren un pouco máis cauto, máis prudente e que van ser sensatos. Ó Grupo popular parécenlle ben as declaracións do Sr. Paz porque hai que seren sensatos, prudentes e facer o que corresponda dentro da moderación. O señor alcalde utilizou o Porto como plataforma e agora aí están as consecuencias en todos os conflitos que ten o Porto de Vigo que diso xa falaremos e seguramente dará para moito porque cada día nace un novo, en troques de arranxar os problemas veñen máis e aí están.

Fixéronse infografías, proxectos faraónicos, norias, xardíns de Babilonia..., non había máis cousas. Iso está aí e supoño que alguén dirá algo algún día. Agora o Sr. Paz, que coido que é un bo político, cunha postura intelixente di que vai estudar durante seis meses a partir de setembro os proxectos que vai poñer en marcha, é dicir ata marzo, que casualidade, salta a alarma, chegamos a marzo para pasar a campaña electoral e logo xa miraremos que pasa, Se goberna o Partido Popular a culpa é de seu porque non quixo facer os proxectos e se goberna o Partido Socialista hai que ser sensatos, coherentes e facer os temas dun xeito razoable.

En canto ó Plan Parroquias vostedes nada tampouco. Non sei onde está o teleférico da Madroa que prometera, señor alcalde, tampouco hai ningunha partida para ese teleférico que prometeu en campaña electoral. Supoño que estaría dentro desa mesma estrutura do Porto. Nada máis empezar o seu mandato foi á Travesía de Vigo e anunciounos que ía facer unha fase xa inmediatamente e a seguir as transversais. No orzamento non se contempla absolutamente nada. Para Coia, barrio populoso importante, nada.

Supoño que haberá tempo e outro día falaremos do Plan Xeral que é importante, a nós si que nos preocupa a páxina que viña onte nalgún medio de comunicación onde se dicía que o comercio de Vigo está todo marchando a Porto pola falla da posibilidade de que nesta cidade se fagan investimentos. Ese si que é un tema importante, que vai ligado á cidade e aí mirárase a manipulación que se fixo durante meses. O problema é que o tempo perdido xa non o recupera esta cidade porque en seis meses, coa situación económica que temos e a falla de confianza

que teñen persoas que poden investir nesta cidade, xa miraremos como remata toda esta cuestión.

Coido que a conclusión á que chegamos con este orzamento é que define claramente que hai dous gobernos, que vostedes se dedican ó gasto non produtivo, os investimentos seguen sendo os mesmos, non reflicten os compromisos electorais que vostedes adquiriron e nós, dende a oposición, xa lles anunciamos que imos presentar un feixe importante de alegacións e mentres nos imos abster por coherencia porque, como hai unha parte importante deste orzamento que está copiada, sería incoherente pola nosa banda votar en contra, pero tamén sería incoherente votar a favor porque hai unha serie de partidas que a nós non nos convencen e que coidamos que se poderían rebaixar: publicidade, protocolo. Poderíase resolver o tema de Persoal e unha serie de cuestións máis que imos presentar.

Xa lles anunciamos que se vostedes son capaces de corrixir segundo o que nós lles propoñamos poden esperar de nós calquera votación. De momento ímonos abster pero tamén imos presentar unha serie de emendas a estes orzamentos para os mellorar, para os corrixir partida a partida e esperemos que dende o goberno sexan quen de recoñecer esta actitude de colaboración que nunca se produciu na cidade de Vigo nunha Corporación, xamais unha oposición no seu conxunto se abstivo nuns orzamentos, polo menos que nós lembremos. Imos tentar buscar que o goberno sexa quen de corrixir todas esas cuestións. Se é así, reservámonos o voto na aprobación definitiva do Pleno dos orzamentos.

Pensamos que é un tema importante, aquí se recolle unha parte importante en canto a investimentos, repito de novo que non estamos satisfeitos cos Capítulos I e II e esperemos que polo ben desta cidade, Sr. López Font, se corrixa o tema da Policía porque coido que é un grave erro reducir en dez as prazas da Policía e que o vindeiro ano non poidamos ter máis policías porque vostede sabe que mentres se convoca a Oferta de Emprego, se realizan os exames, van os policías á Academia da Estrada, pasa un ano e medio. Se vostedes corrixen estas cuestións repito de novo que estudaremos o sentido do noso voto.

Polo tanto, por coherencia cuns orzamentos que nós fixemos no ano 2007 e que se recollen nunha parte importante xa que son unha fotocopia deses orzamentos, agás no que nós lle criticamos hoxe aquí, ímonos abster.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: A verdade é que sigo asombrada polo descaro que estou vendo na oposición. Vou ir contestando unha a unha todas as acusacións que se nos fixeron.

Con respecto ó Capítulo I o criterio que se aplicou foi o de eficacia na xestión. Facer o que vostede propón fai que queden máis ou menos dous millóns de euros sen poder utilizar para a cidade e polo tanto se optou por liberar eses dous millóns de euros e destinalos a cousas para a cidade: o inglés, as humanizacións, os barrios e as parroquias. Coido que os vigueses non entenderían como cunha xestión ineficiente se lles quiten dous millóns de euros que van repercutir na cidade.

Segue falando da situación económica e segue confundindo á xente entre o que é endebedamento e o que son as débedas. Sempre dixemos que o endebedamento se reduce porque se reducen as amortizacións, pero as débedas están aí e seguen aumentando, a proba é esa modificación orzamentaria con nove millóns de euros, insuficiencias dotacionais por catro millóns de euros máis e seguimos. Vostedes mesmos acaban de recoñecer que hai unha partida de 250.000 euros de facturas sen pagar, existen tamén no Mercado do Progreso 400.000 euros sen pagar e polo tanto seguen existindo débedas. Se sumamos todas as indemnizacións non temos o que din vostedes, temos arredor de vinte millóns de euros en déficit.

Con respecto ó dos policíaas, non falou dos dezasete policíaas que se liberaron este ano e que estaban destinados ó Areal e polo tanto, vintecinco máis dezasete son corenta e dous.

Din que os investimentos son unha fotocopia, pois eu lles podo dicir moitas cousas, xa non repito as que dixen antes, a da calefacción, o do Parque Móbil, o do Parque Central, o do Benestar, o de Educación, pero lle digo moitas outras cousas que non están contempladas nos seus orzamentos, por exemplo a mellora nos pasos peonís, o programa de galescolas de Benestar Social, hai un plan de saúde, hai unha aposta pola Escola Municipal de Teatro, hai unha aposta pola prevención de violencia nas aulas, un programa de alfabetización, equipamentos en escolas infantís, a calefacción que xa dixen, existe unha achega á Xerencia Municipal de Urbanismo de case un millón de euros, outra ó IMD, novos proxectos para a Rede Museística, bibliotecas de barrio, incremento en Participación Cidadá, conservación de Vías e Obras por un millón e medio de euros máis con respecto ó orzamento de 2005,

supresión de barreiras arquitectónicas, renovación de rúas comerciais, mercados, turismo e así podo seguir. É unha chea de millóns de euros que vostedes non contemplaron niso que lle chaman orzamento de 2007.

En canto ó gasto de publicidade e propaganda xa dixen antes pero non sei parece que non entenden. Vostedes puxeron unha partida de publicidade nos seus orzamentos de 400.000 euros e gastaron en seis meses 820.000 euros. Polo tanto nin vostedes se crían o que estaban consignando nas súas partidas de publicidade e de feito fixeron modificacións orzamentarias o 12 de febreiro por 107.000 euros, o 19 de febreiro por 150.000 euros e o 23 de marzo por 150.000 euros; sacáronas doutras partidas e leváronas para a publicidade. Polo tanto o que vostedes dixeron de publicidade no 2007 é pura pantomima, pura mentira. Vostedes gastaron dous millóns de euros en publicidade en seis meses, polo tanto non sei con que desvergoña veñen falar aquí de publicidade.

Con respecto o pazo de congresos, coido que toda a cidade sabe que leva un ano de atraso e os únicos que non o saben deben ser vostedes. Eu pasei moitas veces pola avenida de Beiramar e vía os cascallos que non se movían, saía nos xornais que se unha Laxe, que se Pereira, non sei o que foi pero o feito é que toda a cidade sabe que leva un ano de atraso e ó parecer o único que non o sabía era o goberno daquela. Se cadra porque non se achegaban as parroquias e non pasaron pola zona de Beiramar.

O tema dos dous alcaldes, os únicos que están sacando ese tema continuamente son vostedes. Con respecto ó peso político o que está claro é que quen figura como quinta vicepresidenta da Deputación é a señora Porro e quen figura de primeiro é o señor Figueroa, polo tanto está claro quen ten ou non peso político, está claro onde está o goberno feble.

Con respecto de novo ó tema de alcalde e vice-alcalde pódolles dicir que a relación política e persoal co señor Domínguez Olveira é moito mellor do que lles gustaría a vostedes e iso é o que lles doe, porque é a mellor relación que se pode ter tanto a nivel persoal como a nivel político.

Seguen dicindo que fotocopiamos, pois lle podo volver insistir en todas esas diferencias de partidas pera non o vou facer. Fala de saneamento e neste orzamento de 2008 vai máis do que vostedes consignaron nese papel do 2007. Van actuacións no rural, en Cabral, en Candeán.

Pregúntase como fixeron para gobernar. Eu digo como fixeron: deixaron todo sen pagar e así temos facturas e máis facturas. Deixaron un burato en Vitrasa de millóns de euros, en Vías e Obras, en Participación Cidadá..., así foi como gobernaron e por iso se necesitou unha modificación orzamentaria de máis de nove millóns de euros só para tapar os seus buratos. Din que vostedes estaban abafados; non, vostedes quixeron abafar a este goberno e por iso presentamos a modificación orzamentaria.

O que vostedes fixeron neste Pleno foi desviar continuamente a atención, volver ó pasado e non falar nada dun proxecto de futuro para esta cidade. Falaron tamén de plataforma política, entón eu quero saber quen enviou as cartas dende o Concello ás casas particulares e que foron freadas pola Xunta Electoral, díganme como se pode cualificar isto.

Falan de perder o tempo; aquí os únicos que perderon o tempo nesta cidade foron vostedes que foron incapaces da gobernar de xeito congruente e responsable. Xa non quero insistir máis, vin aquí falar de futuro e falarei de futuro. O que presentamos neste orzamento é un novo modelo de xestión, entre outras cousas mellorárase o servizo de ingresos, tanto na dotación de persoal como na dotación humana e iso é o que fará que se incrementen os orzamentos. Pero sobre todo presentamos un novo modelo de cidade, con humanizacións como nunca se fixo e lembro o seu orzamento do 2005: 1.500 millóns de euros. O orzamento do 2008, as partidas de Vías e Obras máis as do Casco histórico de nove millóns e medio de euros. Lembro que o convenio que fixeron vostedes coa Zona Franca de millón e medio foi exclusivamente para o centro, non para as parroquias.

Nós temos unha clara prioridade de actuacións en barrios e parroquias, barrios como Teis que ata agora estaban abandonados e nós investiremos xa este ano case dous millóns de euros, na zona de Travesas-Povisa, dous millóns trescentos mil euros, e así podería ir pola avenida de Europa, Balaídos, barrios que están abandonados ata agora.

Pero apostamos por máis cousas, pola educación porque queremos que todos os rapaces e rapazas falen correctamente inglés porque este é o mellor legado que lles podemos deixar hoxe ós nosos fillos; cremos no transporte público que cando chegamos estaba cheo de débedas e imos mellorar a súa eficiencia; seguimos apostando polo pleno emprego, lembramos o noso slogan: "Pleno emprego na

cidade de Vigo"; seguimos apostando pola vivenda, ese millón de euros para Urbanismo, esa defensa do 40% da vivenda de prezos protexidos, prezos alcanzables coa oposición do seu goberno malia todo. Este é un grande compromiso desta cidade e para iso están contemplados os orzamentos de urbanismo. Tamén atención ó medio ambiente cun incremento do 40% e de novo insistir en que o que nós estamos defendendo neste orzamento é futuro, son valores, é igualdade, solidariedade, educación. Nós cremos no futuro, na xente de Vigo e por iso estamos presentando un orzamento para todos e todas as vigueses e viguesas.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece abstencións dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez e Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2008, integrado por:

- Orzamento da Entidade Local.
- Orzamento do OO AA Instituto Municipal do Deportes.
- Orzamento do OO AA Escola Municipal de Artes e Oficios.
- Orzamento do OO AA Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Orzamento do OO AA Parque das Ciencias Vigo-Zoo.

Segundo.- Aprobar as Bases de Execución que serán de aplicación á entidade local e ós seus organismos autónomos, coa salvidade das bases específicas que se aproben para a Xerencia Municipal de Urbanismo.

Terceiro.- Aprobar as Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Cuarto.- Aprobar o cadro de persoal da entidade local e dos seus organismos autónomos administrativos relacionados no parágrafo a) das instrucións para a elaboración do Capítulo I do orzamento para o ano 2008 que figura no expediente, así como as demais instrucións e demais documentación complementaria.

Quinto.- Someter o expediente ós requisitos de publicidade e exposición pública que regula o artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

De non se presentar ningunha alegación ou reclamación, o acordo de aprobación

inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor unha vez publicado na forma prevista no parágrafo 3 do artigo 169 do TRLRFL.

O orzamento definitivo aprobarase con efectos do 1 de xaneiro do ano 2008 e os créditos nel incluídos, terán a consideración de créditos iniciais.

Se o dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas citadas ou por desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, Xeral de Estabilidade Orzamentaria, ou por calquera outra norma legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ó interese xeral.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas cincuenta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

KV/rs.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

José Riesgo Boluda.

DILIXENCIA:

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión extraordinaria do Pleno do día 30 de outubro de 2007. Consta de 34 folios da serie A numerados do 1593843 ao 1593876, e números do 540 ao 573. Aprobouse na sesión ordinaria do Pleno do día 20 de decembro de 2007.

Vigo, a 20 de decembro de 2007
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda